

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 1 de xullo de 2011**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego  
D. Carlos López Font  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey  
D<sup>a</sup>. Raquel Díaz Vázquez  
D. Cayetano Rodríguez Escudero  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Isaura Abelairas Rodríguez  
D. José Manuel Fernández Pérez  
D. Angel Rivas González  
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

**Invitado:**

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día un de xullo de dous mil once e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, e o interventor xeral, Sr. González Carnero.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(761).- ACTA ANTERIOR.** Apróbase a acta da sesión do 17 de xuño de 2011. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

**2(762).- RECURSO ESPECIAL EN MATERIA DE CONTRATACIÓN INTERPOSTO POR LAGARES OCA S.L. EXPTE. 18994/240.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 24.06.11, conformado pola conelleira delegada de Contratación, que di o seguinte:

## NORMATIVA DE APLICACIÓN

- *Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (LCSP).*
- *Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público.*
- *Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.*
- *Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).*
- *Real Decreto-Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).*
- *Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o regulamento de bens das Entidades Locais (RBEL).*
- *Prego de prescricións administrativas particulares que rexe o procedemento negociado para a contratación do servizo de comprobación, revisión e actualización do inventario municipal de bens e dereitos do Concello DE Vigo (PCAP).*
- *Prego de prescricións técnicas que rexerán o contrato de servizos para a comprobación, revisión e actualización do inventario municipal de bens e dereitos do Concello DE Vigo (PPT).*

## ANTECEDENTES

*A mesa de contratación do concello de Vigo, na súa sesión de data 1 de decembro de 2011, acordou “Excluír da licitación á mercantil LAGARES OCA, S.L., por non acreditar a solvencia técnica esixida” no procedemento negociado con publicidade para a contratación do servizo de comprobación, revisión e actualización do Inventario municipal de bens e dereitos (expediente 18994-240).*

*D. José Antonio González Ferreira, en nome e representación de LAGARES OCA, S.L., mediante escrito con data de entrada no Rexistro xeral deste Concello de 6 de maio de 2011, formula recurso especial en materia de contratación contra este acordo, previamente anunciado noutro escrito da mesma data.*

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

*Primeiro.- É obxecto da presente impugnación a exclusión da licitación do recorrente no curso do procedemento negociado con publicidade para a contratación do servizo de comprobación, revisión e actualización do Inventario municipal de bens e dereitos.*

*Segundo.- A lexislación de contratos regula un recurso especial en materia de contratación, que substitúe os recursos administrativos ordinarios para a impugnación de determinados actos adoptados nos procedementos de adxudicación de contratos suxeitos a regulación harmonizada, contratos de servizos comprendidos nas categorías 17 a 27 do Anexo II de contía igual ou superior a 193.000 euros (suposto no que pode encadrarse o presente procedemento) ou contratos de xestión de servizos*

públicos nos que o orzamento de gastos de primeiro establecemento sexa superior a 500.000 euros e o prazo de duración superior a cinco anos.

A interposición previa deste recurso é potestativa (artigo 310.6 LCSP).

Terceiro.- É preciso, en primeiro lugar, analizar si concorren no presente recurso os requisitos obxectivos, subxectivos, formais e temporais para a admisión do mesmo.

En canto os requisitos obxectivos, son susceptibles deste recurso especial os seguintes actos ditados no curso dos procedementos citados no parágrafo anterior (artigo 310.2 LCSP):

- Os anuncios de licitación, os pregos e os documentos contractuais que establezan as condicións que deban rexer a contratación,
- Os actos de trámite adoptados no procedemento de adxudicación, sempre que estes decidan directa ou indirectamente sobre a adxudicación, determinen a imposibilidade de continuar o procedemento ou produzan indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos ou intereses lexítimos. Consideraranse actos de trámite que determinan a imposibilidade de continuar o procedemento os actos da Mesa de Contratación polos que se acorde a exclusión de licitadores.
- Os acordos de adxudicación adoptados polos poderes adxudicadores.

Así, a impugnación do acordo da mesa de contratación excluindo un licitador é un acto susceptible deste recurso.

En relación ós requisitos subxectivos, a lei concede lexitimación activa para interpoñer este recurso ás persoas físicas e xurídicas cuxos dereitos ou intereses lexítimos víronse prexudicados ou poidan resultar afectados polas decisións obxecto de recurso (artigo 312 LCSP). O recorrente, LAGARES OCA, S.L., posúe lexitimación activa por non ter sido admitida a súa oferta no procedemento de referencia.

Como requisitos formais a lei esixe que o recurso se anuncie previamente e se presente por escrito.

O escrito anunciando o recurso deberá especificar o acto do procedemento que vaia ser obxecto do mesmo, e se presentará ante o órgano de contratación no prazo de interposición do recurso (artigo 314.1 LCSP), requisitos que se cumpren no presente caso.

O escrito de interposición deberá presentarse no rexistro do órgano de contratación ou no do órgano competente para a resolución do recurso (artigo 314.3 LCSP). No mesmo farase constar o acto recorrido, o motivo que fundamente o recurso, os medios de proba de que pretenda valerse o recorrente e, no seu caso, as medidas provisionais, cuxa adopción solicite (artigo 314.4 LCSP) e deberá acompañarse da seguinte documentación:

- O documento que acredite a representación do comparecente.
- O documento ou documentos que acrediten a lexitimación do actor cando a ostente por herlla transmitido outro por herdanza ou por calquera outro título.
- A copia ou traslado do acto expreso que se recorra, ou indicación do expediente en que recaía ou do xornal oficial ou perfil de contratante en que se publicou.
- O documento ou documentos en que funde o seu dereito.
- O xustificante de dar cumprimento ó establecido no apartado 1 deste artigo.

Circunstancias todas que concorren no escrito de recurso presentado por LAGARES OCA, S.L..

Por último, respecto os requisitos temporais, a lei fixa un prazo de interposición do recurso especial en materia de contratación de quince días hábiles contados a partir do seguinte a aquel en que se remita a notificación do acto impugnado. Neste mesmo prazo deberá presentarse o preceptivo escrito anunciando o recurso (artigo 314.1 e 2 LCSP). Dado que a adxudicación recorrida lle foi notificada o recorrente en data 4 de abril de 2011, tanto o escrito anunciando o recurso e o propio escrito de recurso presentados en data 20 de abril de 2011 foron interpostos en prazo.

Tendo en conta que o recurso reúne os requisitos obxectivos, subxectivos, formais e temporais esixidos pola lei procede a súa admisión e deberá resolverse sobre o fondo do mesmo.

Cuarto.- A impugnación do acto de adxudicación produce efectos suspensivos na tramitación do expediente de contratación ata que se resolva expresamente o recurso (artigo 315 LCSP). Así, interposto o presente recurso, se suspendeu o prazo para formalizar o contrato.

Quinto.- Interposto o recurso, a lei impón o seu traslado ós restantes interesados, dentro dos cinco días hábiles seguintes á interposición, concedéndolles un prazo de cinco días hábiles para formular alegacións (artigo 316.3 LCSP). Durante este prazo formulou alegacións a mercantil SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL, S.L., mediante escrito con data de entrada no rexistro xeral deste concello de 13 de maio de 2011.

Sexto.- LAGARES OCA, S.L., alega, en primeiro lugar, a falta de motivación do acto recorrido por canto se limita a sinalar a exclusión do recorrente por non acreditar a solvencia técnica. Esta falta de motivación lle impide coñecer os motivos concretos polos cales se exclúe a súa oferta, causándolle indefensión. En consecuencia, solicita a anulación do acto recorrido e a súa admisión no procedemento de referencia, retrotraendo as actuacións do mesmo ó momento en que foi excluído.

Efectivamente, revisada a notificación practicada se comproba que esta se limita a comunicar a exclusión do recorrente por non acreditar a súa solvencia técnica, sen expresar os motivos que fundamentaron o acordo de exclusión adoptado pola mesa de contratación na súa sesión de 1 de decembro de 2010.

O apartado 14 das Follas de características do contrato (en adiante FEC) incluídas como anexo ó PCAP establece a necesidade de cumprir dous requisitos para acreditar a solvencia técnica. No seu primeiro punto determina os medios de acreditación da solvencia técnica e o criterio de valoración dos mesmos e no segundo fixa os medios humanos que deberán adscribirse ó contrato. A imprecisión do acto recorrido impídelle coñecer o recorrente cal deles supostamente incumpre, imposibilitándolle articular a súa defensa.

O artigo 135.4 da LCSP impón, a obriga de motivar o acordo de adxudicación e establece os requisitos da notificación da mesma, entre os que se inclúe conter a información necesaria que permita ó licitador excluído ou candidato descartado interpor, conforme ó artigo 310, recurso suficientemente fundado contra a decisión de adxudicación. En particular, respecto dos licitadores excluídos do procedemento de adxudicación, deberá conter de forma resumida, as razóns polas que non se admitiu a súa oferta.

Dado que a notificación incumpre os requisitos esixidos polo citado artigo procede declarar a nulidade da mesma e volver a practicar unha nova notificación do acordo de exclusión de LAGARES OCA, S.L.

Na súa segunda alegación o recorrente manifesta ter acreditado a súa solvencia plenamente. No entanto, non procede entrar a coñecer o fondo do asunto unha vez admitido que a notificación practicada ten sido defectuosa e lle impide articular fundadamente a súa defensa. É mester, tal e como se

manifesta no parágrafo anterior, practicar unha nova notificación do acordo de exclusión na que se expresen os motivos nos que se basea a mesa de contratación para excluír da licitación a LAGARES OCA por falta de acreditación da solvencia técnica. Unha vez notificado este acordo, o recorrente, se o estima procedente, pode interpor novo recurso especial en materia de contratación contra os motivos de exclusión.

SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL, S.L., no seu escrito de alegacións ó presente recurso se limita a reiterarse nos fundamentos do recurso interposto pola mercantil contra o acordo de adxudicación (alegación primeira) e a por de releve a falta de publicación no perfil do contratante do Anexo I “Soporte lóxico” ó PCAP o que, ó seu parecer, induzo a erro na valoración das ofertas técnicas (alegación segunda). Cuestións ambas que non teñen relación co recurso que nos ocupa. En consecuencia, non procede o seu análise nesta sede.

Sétimo.- A competencia para a resolución do presente recurso no ámbito das Corporacións Locais, será determinada polas normas das Comunidades Autónomas cando estas teñan atribuída competencia normativa e de execución en materia de réxime local e contratación. A falta de previsión expresa na lexislación autonómica, a competencia corresponderá ó mesmo órgano ó que as Comunidades Autónomas en cuxo territorio se integran as Corporacións Locais atribúan a competencia para resolver os recursos do seu ámbito (artigo 311 LCSP). No entanto, a falta deste órgano autonómico, previsto na Lei de acompañamento ós presupostos da comunidade autónoma de Galicia para 2011, pero que aínda no ten sido creado por Decreto do goberno autonómico, no presente caso deberá resolver o recurso á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (apartado 3 da disposición adicional segunda da LCS).

En mérito ó que antecede, SE PROPÓN Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1º.- Admitir o recurso especial en materia de contratación interposto por José Antonio González Ferreira, en nome e representación de LAGARES OCA, S.L., mediante escrito con data de entrada no Rexistro xeral deste Concello de 6 de maio de 2011.

2º.- Estimar a alegación primeira do citado recurso, relativa á notificación defectuosa do acordo de exclusión do recorrente do procedemento negociado con publicidade para a contratación do servizo de comprobación, revisión e actualización do Inventario municipal de bens e dereitos (expediente 18994-240), e declarar a nulidade da mesma por incumprir a obriga de motivación imposta polo artigo 135.4 da LCSP.

3º.- Desestimar a alegación segunda por canto non procede o seu análise polas razóns expostas no corpo deste escrito.

4º.- Levantar a suspensión deste procedemento e volver a notificar á mercantil recorrente o acordo de exclusión do procedemento negociado con publicidade para a contratación do servizo de comprobación, revisión e actualización do Inventario municipal de bens e dereitos (expediente 18994-240), adoptado pola mesa de contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 1 de decembro de 2011, notificación que deberá practicarse consonte os requisitos fixados polo artigo 135.4 da LCAP.

5º.- Notificar a presente resolución a todos os licitadores admitidos no procedemento.

6º.- Contra a resolución deste recurso procederá a interposición de recurso contencioso-administrativo conforme ó disposto na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa (artigo 319 LCSP) .

### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **3(763).- DEVOLUCIÓN DE FIANZA A FAVOR DE EL CORTE INGLÉS S.A. EXPTE. 3676/241.**

Examinadas as actuacións dos expedientes, visto o informe de Intervención Xeral e de acordo co informes-proposta do xefe da Oficina Administrativa de Contratación, do 22.06.11, a Xunta de Goberno local acorda:

Devolver a El Corte Inglés S.A. a fianza de 2.111,93 € constituída para responder da subministración de mobles de cociña para bombeiros xa que foron recibidos mediante acta de 14.04.2011 por se executaren conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.

#### **4(764).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN DE CONSTITUCIÓN DUNHA HIPOTECA A UTE ELOYMAR-TRANVÍAS SOBRE A CONCESIÓN DE APARCAMENTOS SUBTERRÁNEOS DE URZÁIZ E PRAZA DE INDEPENDENCIA. EXPTE. 3699/241.**

Examinadas as actuacións do expediente, e de acordo co informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 24.06.11, conformado pola concelleira delegada de Contratación, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autorizar á UTE Eloymar – Tranvías a constitución dunha hipoteca sobre a concesión administrativa de dominio público para a redacción dos proxectos, construción e explotación de dous aparcadoiros subterráneos no subsolo da Praza da Independencia e na rúa Urzáiz á favor da UTE Eloymar – Tranvías de que é titular condicionada o cumprimento dos seguintes requisitos:

1) O dereito real de concesión so poderá ser hipotecado como garantía dos préstamos contraídos polo titular da concesión coa finalidade de financiar a realización, modificación ou ampliación das obras, construcións e instalacións de carácter fixo situadas sobre a dependencia demanial ocupada.

2) A hipoteca deberá quedar cancelada cinco anos antes da finalización do prazo concesional que é de 65 anos contados a partir da adxudicación do concurso.

2º.- O concesionario deberá achegar a esta Administración copia da escritura pública de constitución da hipoteca e xustificación da súa inscrición no Rexistro da Propiedade no prazo dun mes a contar dende o día seguinte o outorgamento da devandita escritura pública.

**5(765).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DOS PROGRAMAS “VIGO, UN MAR DE BANDAS” E AULAS DE MÚSICA NAS BANDAS PARA O ANO 2011. EXPTE. 3936/335.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 15.06.11, o informe de fiscalización, do 28.06.11, e de acordo co informe-proposta da técnica do Servizo de Animación Sociocultural, do 14.03.11, conformado polo concelleiro delegado de Animación Sociocultural, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o texto do convenio, que de seguido se transcribe, entre o Concello de Vigo e a Federación de Bandas de música populares de Vigo, para a organización dos programas “Vigo, un mar de bandas” e “Aulas de música nas bandas” para o ano 2011.

2º.- Facultar ó concelleiro da Área de Cultura e Animación sociocultural para asinar o citado convenio.

3º.- Autorizar un gasto por un importe de 162.500,00 euros a favor da Federación de Bandas de música populares de Vigo (CIF G-36.855.906) en concepto do estipulado no convenio, con cargo á partida 3380.489.0002 (Convenio Federación de Bandas de música) do programa orzamentario de Animación sociocultural para o vixente exercicio.

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FEDERACIÓN DE BANDAS POPULARES DE VIGO PARA O ANO 2011.**

*Na Casa do Concello de Vigo,*

**REUNIDOS**

*Dunha parte, don Xesús López Carreira, na súa calidade de concelleiro-delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto da Alcaldía de 5 de xullo de 2007, sobre delegación de atribucións no Tenente Alcalde e demais Delegados de Área.*

*Doutra, don. Enrique Lorenzo Vila, como presidente e en representación da Federación de Bandas de música populares de Vigo, CIF nº G-36.855.906 e enderezo social na rúa Canteiros nº 53 de Vigo, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 3936/335.*

*Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio*

**MANIFESTAN**

*I.- Que o Concello de Vigo, en colaboración coa Federación de Bandas de música populares de Vigo, vén realizando unha importante labor de apoio, difusión e potenciación das bandas populares de música de Vigo mediante a programación de ciclos de concertos e actuacións en distintos barrios da cidade ao longo de todo o ano e a través da formación continua dos integrantes das nove bandas de música de Vigo.*

II.- Que a Federación aglutina todas e cada unha das bandas de música da cidade de Vigo.

III.- Que dende o ano 1990, O Concello e a Federación veñen subscribindo convenios de colaboración de forma ininterrompida (programa “Vigo, un mar de bandas”), con resultados moi satisfactorios para ambas as partes.

IV.- Que dende o ano 2001-2002, véñse desenvolvendo o programa “Aulas de música nas bandas”. A través deste programa trátase de fomentar o hábito e o estudo da música de banda, a aprendizaxe da linguaxe musical, o manexo de instrumentos musicais e a práctica dentro dunha colectividade, estando destinado ó público en xeral, sen límite de idade.

V.- Que o Concello en colaboración coa Federación pretende acadar dous obxectivos: a formación continua dos integrantes das bandas de música en Vigo, e achegar deste xeito unha oferta musical de maior calidade ós cidadáns fomentando a creación de novos públicos.

VI.- Que a exclusividade dos dous programas considérase acreditada no proxecto presentado pola Federación.

VII.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3380.489.0002, prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 162.500,00 (cento sesenta e dous mil cincocentos) euros, a favor da entidade FEDERACIÓN DE BANDAS DE MÚSICA POPULARES DE VIGO.

VIII.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é formalizar o apoio, a potenciación e a promoción por parte do Concello de Vigo das nove bandas populares de música do termo municipal agrupadas na Federación, a través dos seguintes programas:

- “Vigo, un mar de bandas”, cuxo propósito é o de achegar a música ós cidadáns e fomentar a creación de novos públicos, coa programación de ciclos de concertos e actuacións durante todo o ano polos barrios e centro da cidade.

- “Aulas de música nas bandas”, cuxo propósito é o de ofrecer unha formación musical á cidadanía.

IX.- Que a entidade Federación de bandas de música populares de Vigo non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 3936/335.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e cultural que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da entidade FEDERACIÓN DE BANDAS DE MÚSICA POPULARES DE VIGO, o Concello de Vigo e a dita entidade conveñen a súa colaboración no ámbito cultural e a concesión da referida subvención en base aos seguintes

PACTOS



*Primeiro.- A entidade Federación de Bandas de música populares de Vigo comprométese a colaborar coa Concellería de Cultura e Animación sociocultural do Concello de Vigo en canto a organización dos programas “Vigo, un mar de bandas” e “Aulas de música nas bandas” e, concretamente, a:*

*1º.- Que cada unha das nove bandas representadas a través da beneficiaria e relacionadas no pacto cuarto deste Convenio realicen doce actuacións, unha delas de carácter gratuíto a decidir polo Concello. A maiores, o Concello resérvase dúas actuacións máis, a elixir entre as bandas representadas. En total, realizaranse cento e unha actuacións.*

*A concellería de Animación sociocultural comunicará á beneficiaria os lugares, datas e horas das actuacións de cada banda:*

*- Se a data indicada estivese dispoñíbel, a banda quedará automaticamente comprometida co Concello para a súa realización.*

*- Se a data estivese comprometida previamente, a banda terá que acreditar o compromiso na citada concellería nun prazo de dous días hábiles dende o recibo da comunicación; en caso contrario entenderase que se acepta a súa realización.*

*- Toda a actuación que se realice sen a autorización previa da concellería de Animación sociocultural non será aboada con cargo a este convenio.*

*2º.- Cumprir a programación obxecto do programa “Aulas de música nas bandas” segundo o proxecto e presuposto presentados, que se achegan ó expediente, podendo a tal fin concertar con terceiros a execución das actividades de formación.*

*3º.- Garantir a instalación e equipamentos axeitados ó proxecto; dotar de material necesario e profesorado titulado co fin de acadar os obxectivos previstos no programa “Aulas de música nas bandas”.*

*4º.- Asumir todos os seguros relativos ás actividades que se inclúen no programa e que procedan segundo a lexislación vixente (responsabilidade civil, accidentes, etc...) para dar resposta ás posíbeis incidencias que se produzan durante o seu desenvolvemento e que serán total responsabilidade da beneficiaria.*

*5º.- Xestionar e aboar os dereitos de autor que poidan xerarse como consecuencia das actuacións dos alumnos.*

*6º.- Asumir todos os gastos que se poidan derivar da execución do convenio.*

*7º.- Publicitar de xeito adecuado o inicio dos cursos do programa “Aulas de música nas bandas” que figura no convenio, no mes de setembro, para o cal inseriranse dous anuncios en días alternos nos tres principais medios de comunicación escritos locais. En todos os casos deberán figurar os logotipos da Concellería de Cultura e Animación sociocultural e da Tenencia de Alcaldía do Concello de Vigo, como patrocinadores do programa “Aulas de música nas bandas”.*

*8º.- A beneficiaria deberá repartir a cada unha das bandas asinantes as nove estruturas publicitarias desmontábeis cos logotipos oficiais. Estas estruturas deberán estar presentes nos escenarios onde se realicen as actuacións con cargo a este convenio, en lugar perfectamente visíbel. No caso de que algunha das bandas incumpra este apartado, o Concello poderá decidir que non lle sexa aboado o importe correspondente a esa actuación. Así mesmo, cada banda responsabilizarase da conservación da estrutura durante a vixencia do convenio.*

9º.- As bandas presentarán á Federación beneficiaria solicitude de pago das actuacións realizadas, coas correspondentes “certificacións de actuación” (segundo o modelo que figura no anexo deste convenio) antes do día 20 de decembro.

10º.- Deberá obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización das actividades incluídas neste convenio.

En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei de Galicia 9/2007.

Segundo.- Aquelas entidades que propoñan a realización de concertos e que sexan finalmente programados pola Concellería de Animación sociocultural deberán asumir os seguintes compromisos:

- Distribuír o material gráfico que se envíe dende o Concello, se é o caso, para difundir o concerto e incluír os logotipos da Concellería de Cultura e Animación sociocultural e da Tenencia de Alcaldía naquel que edite a propia entidade.

- Xestionar e aboar o importe correspondente ós dereitos de autor derivados da actuación da banda.

- Cubrir a “certificación de actuación”, da que se inclúe modelo no anexo do convenio, indicando as posíbeis incidencias acontecidas durante o desenvolvemento do concerto programado.

- Presentar o concerto, facendo unha mención breve ao historial da banda, repertorio a executar e entidades que colaboran para a programación do concerto.

Terceiro.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Programar as datas e lugares das actuacións, que poderán ter estrutura de ciclos, segundo os criterios que concerte coa beneficiaria.

2º.- Comunicarlle á beneficiaria os lugares, datas e horas das actuacións, cunha antelación mínima de 15 días naturais para os concertos e 5 días naturais para os actos oficiais. Debido a isto, poderá desestimar aquelas propostas de realización de concertos que non sexan presentadas no Rexistro xeral cunha antelación mínima de 20 días á data solicitada.

3º.- Editar o material gráfico, se é o caso, e realizar a difusión aos medios de comunicación da información acerca das actuacións programadas.

4º.- Velar para que as condicións das actuacións sexan as máis apropiadas para a actividade a desenvolver e consensuadas coas propias bandas de música implicadas ou en todo caso coa beneficiaria, dignificando os espazos, lugares, escenarios, etc. Neste sentido, evitarase realizar actuacións ao aire libre en zonas peonís, salvo expresa autorización por escrito do Concello. En todo caso, deberase respectar a normativa relativa á protección contra a contaminación acústica.

5º.- Conceder directamente á Federación de Bandas de música populares de Vigo, unha subvención por importe de 162.500,00 (cento sesenta e dous mil cincocentos) euros co obxecto de coadxuvar ó financiamento da organización dos programas “Vigo, un mar de bandas” e “Aulas de música nas bandas”.

O Concello non asume ningún compromiso distinto dos recollidos no presente convenio.

Cuarto.- O número total de actuacións con cargo ó programa “Vigo, un mar de bandas” será de 101 (cento e unha), sendo unha delas, por cada unha das nove bandas asinantes, de carácter gratuíto no lugar, data e hora que determine o Concello.

As contías que se establecen por actuación e banda, á proposta da beneficiaria, son as seguintes:

Unión musical de Valladares	1.255,00 €
Escola de Música de Beade	1.255,00 €
Agrupación musical Atlántida de Matamá	1.255,00 €
Unión musical de Coruxo	1.188,00 €
Lira de San Miguel de Oia	1.188,00 €
Escola de música da UVCD de Candeán	1.188,00 €
Unión musical de Cabral	1.188,00 €
As Delicias do Caeiro – Cabral	1.055,00 €
Ateneo musical de Bembrive	1.055,00 €

Nestas cantidades enténdense incluídos todos os gastos que se deriven da actuación das bandas (recursos humanos e materiais, transportes, cadeiras para os músicos,...), ascendendo o importe total do programa a 119.407,00 euros. Cada banda realizará unha actuación de carácter gratuíto.

O Concello entregará ademais unha contía de 1.093,00 euros, a favor da beneficiaria, en concepto da planificación de actividades complementarias e da coordinación das actuacións recollidas no convenio; e de 42.000,00 euros para o desenvolvemento do programa de formación continua para músicos por parte das bandas “Aulas de música nas bandas”.

Quinto.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Sexto.- O pagamento da cantidade recollida no pacto terceiro deste convenio realizarase por transferencia bancaria á conta corrente número 2080.0128.11.0040003665, domiciliada en Novacaixagalicia, da que é titular a entidade beneficiaria, segundo o seguinte:

- a) Un primeiro pagamento por importe de 54.167,00 (cincuenta e catro mil cento sesenta e sete) euros, en concepto de pago anticipado, que se tramitará de oficio na primeira semana de maio.
- b) Un segundo pagamento por importe de 67.708,00 (sesenta e sete mil setecentos e oito) euros, que se tramitará previa solicitude de pagamento polo Rexistro xeral na segunda quincena de setembro.

c) Un terceiro pagamento por importe de 40.625,00 (corenta mil seiscientos vinte e cinco) euros, que se tramitará previa solicitude de pagamento polo Rexistro xeral na segunda quincena de decembro.

A beneficiaria terá que acreditar xunto coas solicitudes do segundo e terceiro pagamentos anteriores, as memorias de actuación e económica correspondentes a cada período conforme o recollido no pacto décimo primeiro deste convenio.

A beneficiaria xunto coa solicitude do terceiro pagamento deberá presentar ademais un informe final relativo ó desenvolvemento do programa “Vigo, un mar de bandas” así como memoria-avaliación final das actividades correspondentes ó programa “Aulas de música nas bandas”. En particular e con relación ao programa “Aulas de música nas bandas”, esta memoria debe incluír a maiores: relación de cursos e actividades realizadas (entidades, profesorado, duración, etc), contido das materias impartidas e número de alumnos participantes das diferentes actividades.

Sétimo.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Oitavo.- A beneficiaria poderá subcontratar con terceiros ata un 100 % do importe da actividade subvencionada.

Non poderán ser subcontratistas as persoas ou entidades a que se refire o apartado 7 do artigo 27 da Lei de Galicia 9/2007.

Noveno.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a incorporación do logotipo da Concellería de Cultura e Animación Socio-cultural e da imaxe corporativa do evento en todos os soportes publicitarios que edite.

Décimo.- Segundo o artigo 15.2.a da Lei de Galicia 9/2007, non será necesaria a publicación da presente subvención.

Décimo primeiro.- A beneficiaria, nas datas indicadas no pacto sexto, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar a través do Rexistro Xeral unha memoria-avaliación dos programas “Vigo, un mar de bandas” e “Aulas de música nas bandas”, onde figurarán como mínimo:

a) Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións previstas no presente convenio, con indicación das actuacións celebradas, certificacións das actuacións, datos de participación e asistentes individualizados por evento e por cómputo global, memoria de prensa, rexistro fotográfico e audiovisual e informe de incidencias.

b) Memoria económica xustificativa do custo final das actividades realizadas, que incorporará:

- Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.

- *Relación clasificada dos gastos totais da actividade, con identificación do acredor, número de factura, CIF/NIF, concepto facturado e importe.*

- *Facturas das actuacións realizadas emitidas á Federación polas bandas asociadas (programa “Vigo, un mar de bandas”), que serán orixinais e deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE; estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Non será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención. Se a beneficiaria solicitase a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.*

*No caso do programa “Aulas de música nas bandas” achegaranse as correspondentes facturas orixinais ou demais documentos de valor probatorio conforme o establecido no artigo 6 do RD 1496/2003 (os custos salariais acreditaranse con copias do contrato de traballo, nóminas asignadas polo perceptor e pagadas, ou extracto bancario no seu caso, así como xustificantes correspondentes ás cotizacións da seguridade social).*

- *De existiren, relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade, acreditando o seu importe, procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas.*

*Décimo segundo.*- *Antes de proceder aos pagamentos da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei de Galicia 9/2007*

*Décimo terceiro.*- *A realización da actividade subvencionada, o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención e a súa axeitada xustificación serán comprobados polos servizos da Concellería de Animación Sociocultural. O persoal técnico do servizo de Animación Sociocultural emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.*

*Décimo cuarto.*- *A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Animación Sociocultural e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.*

*Décimo quinto.*- *O Concello poderá descontar no último pagamento as contías correspondentes por actuación e banda (recollidas no pacto cuarto) polos seguintes motivos:*

- *Unha incomparecencia inxustificada a un concerto;*

- Por impuntualidade non xustificada en tres ocasións;
- Por non ter presente a estrutura publicitaria en dous concertos.

Décimo sexto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da LG 9/2007.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo sétimo.- A información sobre as actividades, especialmente en carteis e programas, estará integramente en idioma galego. En toda a información figurarán os logotipos da Concellería de Cultura e Animación sociocultural e da entidade beneficiaria, nas mesmas condicións e tamaños. O material editado deberá contar coa conformidade previa da Concellería de Animación sociocultural do Concello de Vigo e disporá dos depósitos legais que lle correspondan. O Concello resérvase o dereito de incluír a programación obxecto deste convenio na posíbel axenda que edite e/ou difunda cos actos previstos no auditorio municipal.

Décimo oitavo.- O mecanismo de seguimento deste convenio realizarase en base ás “certificacións de actuación” asinadas pola entidade correspondente, ás memorias e informes que presente a beneficiaria e da presenza de persoal técnico da Concellería de Animación sociocultural durante os concertos ou actividades que se determinen.

Décimo noveno.- O presente convenio terá vixencia anual a contar dende a data da súa sinatura.

Vixésimo.- O concelleiro de Animación Sociocultural queda facultado para resolver as posíbeis controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan ó seu cumprimento e desenvolvemento.

Vixésimo primeiro.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Vixésimo segundo.- A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de Galicia 9/2007 en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Animación Sociocultural.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Animación Sociocultural do Concello de Vigo.

Vixésimo terceiro.- As actuacións con cargo ó programa “Vigo, un mar de bandas” irán destinadas ó público en xeral, con acceso libre e gratuíto, ata completar o aforo do lugar onde se celebren. A organización do calendario de actuacións previstas neste programa corresponderalle ao Concello, en coordinación coa beneficiaria.

Quedarán excluídas do convenio aquelas actuacións en festas populares; ademais, incluíranse actuacións en desfiles, pasacalles ou procesións, ata un máximo de catorce. Realizaranse un máximo de sete procesións. Estas serán solicitadas polas confrarías relixiosas para aquelas procesións no ámbito urbano (centro da cidade), dentro do contexto de Xoves ou Venres santo de Semana santa, a procesión da Borriquilla (Domingo de Ramos), procesión de Santa María (patroa de Vigo, 15 de agosto) e procesión do Cristo da Vitoria desde a Concatedral.

Ademais dos concertos que se programen en base a este convenio, o Concello poderá contratar a calquera das bandas asinantes para a súa actuación nun acto oficial, aboándosele por este concepto a cantidade estipulada anteriormente.

As actividades recollidas no programa “Aulas de música nas bandas” están destinadas ó público en xeral. O acceso será público e gratuíto. O límite de alumnos estará determinado polo número de prazos dispoñíbeis nos cursos ou grupos programados. Realizaranse ademais intercambios entre os centros ou entidades culturais participantes no programa con obxecto de potenciar a Rede de Escolas de Música. Ao final do curso entregaranse diplomas acreditativos do seu paso pola rede de escolas do programa. Está prevista tamén a distinción de alumnos destacados a través do outorgamento de becas para ampliar os seus estudos.

Vixésimo cuarto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, no lugar e data anteriormente indicados.

**6(766).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN DE CORAIS POLIFÓNICAS DE VIGO (ACOPAVI) PARA ORGANIZACIÓN DO PROGRAMA 2011 “VIGO UN MAR DE CORAIS”. EXPTE. 3937/335.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 15.06.11, o informe de fiscalización, do 28.06.11, e de acordo co informe-proposta da técnica do Servizo de Animación Sociocultural, do 14.03.11, conformado polo concelleiro delegado de Animación Sociocultural, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o Convenio de colaboración, que se achega no expediente, entre o Concello de Vigo e a Asociación de Corais Polifónicas de Vigo para a organización do programa 2011 “VIGO, UN MAR DE CORAIS”.

2º.- Facultar ó concelleiro de Animación sociocultural para asinar o convenio.

3º.- Autorizar un gasto por importe de 25.000,00 euros, en concepto do estipulado no convenio, que se aboará á Asociación de Corais Polifónicas de Vigo (CIF G-36.980.928), con cargo á partida presupostaria 3380.489.0003 (Convenio Acopovi) do programa presupostario de Animación sociocultural para o exercicio 2011.

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN DE CORAIS POLIFÓNICAS DE VIGO PARA A ORGANIZACIÓN DO PROGRAMA 2011 “VIGO, UN MAR DE CORAIS”**

*Na Casa do Concello de Vigo,*

**REUNIDOS**

*Dunha parte, don Xesús López Carreira, na súa calidade de concelleiro-delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto da Alcaldía de 5 de xullo de 2007, sobre delegación de atribucións no Tenente Alcalde e demais Delegados de Área.*

*Doutra, don Enrique Lorenzo Vila, como presidente da Asociación de Corais polifónicas de Vigo (ACOPOVI), CIF nº G-36.980.928 e enderezo social en Vigo, na rúa Ecuador nº 17 – CP 36203, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente nº 3937/335.*

*Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio*

**MANIFESTAN**

*I.- Que a entidade Asociación de Corais Polifónicas de Vigo ten entre outros fins, segundo os seus estatutos, os de: promover a difusión e dar a coñecer a música coral polifónica; fomentar a creación e participación en coros infantís, xuvenís, parroquiais como preámbulo e formación básica para o sustento e xestión de corais polifónicas; promover a creación e recuperación do repertorio de música coral.*

*II.- Que a Concellería de Animación sociocultural vén realizando unha importante labor de descentralización da programación cultural polos numerosos barrios da nosa cidade, baseada no apoio, difusión e potenciación das artes escénicas e musicais, e que se concreta na organización de ciclos permanentes coas bandas de música, corais polifónicas e compañías de teatro de adultos e infantil.*

*III.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3380.489.0003, prevé a concesión dunha subvención por importe de vinte e cinco mil euros a favor da Asociación de Corais polifónicas de Vigo, para o convenio de organización do programa de concertos de corais polifónicas “Vigo, un mar de corais”. Na devandita actividade a subvencionar e na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público, xa que se trata dun programa de grande arraigo na cidade e que conta cunha ampla asistencia por parte do público. A súa organización en todas as edicións anteriores vén estando a cargo da referida entidade. Estas circunstancias impiden a convocatoria pública da subvención e xustifican a súa concesión directa.*

*IV.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o conve-*



nio será instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública se outorguen directamente, os intervenientes conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é a organización do programa de concertos de corais polifónicas “Vigo, un mar de corais”.

V.- Que a Asociación de Corais polifónicas de Vigo (ACOPOVI) non está incursoa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente nº 3937/335.

VI.- Que o Concello de Vigo e a ASOCIACIÓN DE CORAIS POLIFÓNICAS DE VIGO veñen organizando desde o ano 2002 diversos ciclos de actuacións de agrupacións de músicas corais, mediante convenios de colaboración, e os resultados acadados teñen sido moi satisfactorios para ambas as partes.

VII.- Que a ASOCIACIÓN DE CORAIS POLIFÓNICAS DE VIGO aglutina a 31 corais polifónicas de Vigo e está interesada en participar neste ciclo durante o exercicio 2011, tal como solicitou ó CONCELLO.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese (social, deportivo, cultural etc.) que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da Asociación de Corais polifónicas de Vigo, o Concello de Vigo e a dita entidade conveñen a súa colaboración no ámbito cultural e a concesión da referida subvención en base aos seguintes

#### PACTOS

Primeiro.- A Asociación de Corais polifónicas de Vigo comprométese a colaborar coa Concellería de Animación Sociocultural do Concello de Vigo en canto á organización e programación de diversos ciclos estabéis de actuacións de corais polifónicas da nosa cidade polos barrios vigueses. Este programa chamarase “Vigo, un mar de corais” e nel participarán trinta e unha corais polifónicas de Vigo. Concretamente, a entidade beneficiaria comprométese a:

1. Realizar 105 (cento e cinco) actuacións. Cada coral realizará un mínimo de tres actuacións, unha delas de carácter gratuíto, no lugar, día e hora que determine o Concello.
2. A concellería de Animación sociocultural comunicará a Entidade os lugares, datas e horas das actuacións de cada coral:
  - Se a data indicada estivese dispoñíbel, a coral quedará automaticamente comprometida co Concello para a súa realización.
  - Se a data estivese comprometida previamente, a coral terá que acreditar o compromiso na citada concellería nun prazo de dous días hábiles dende o recibo da comunicación; en caso contrario entenderase que se acepta a súa realización.
  - Toda a actuación que se realice sen a autorización previa da concellería de Animación sociocultural non será aboada con cargo a este convenio.
3. De mutuo acordo entre o Concello e a Entidade désígnase a D. Enrique Lorenzo Vila como coordinador desta programación, coa función principal de servir de conexión entre ambas as

*partes: determinar as datas e horarios dispoñíbeis de cada coral, solicitar posíbeis cambios, comunicar incidencias...*

*4. Asumir todos os seguros relativos ás actividades que se inclúen no programa e que procedan segundo a lexislación vixente (responsabilidade civil, accidentes, etc...) para dar resposta ás posíbeis incidencias que se produzan durante o seu desenvolvemento e que serán total responsabilidade da Entidade.*

*5. Deberá obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización das actividades incluídas neste convenio.*

*6. Asumir todos os gastos que se poidan derivar da execución de cada actuación, en particular a edición gráfica dos repertorios de cada concerto.*

*7. Coordinar con cada coral e nun lugar perfectamente visíbel do escenario da actuación, a instalación desmontábel dos soportes publicitarios institucionais achegados pola Concellería de Animación sociocultural. No caso de que algunha das corais incumpra este apartado, o Concello poderá decidir que non lle sexa aboado o importe correspondente a esa actuación. Así mesmo, cada coral responsabilizarase da conservación da estrutura durante a vixencia do convenio.*

*8. As corais presentarán a ACOPOVI solicitude de pago das actuacións realizadas, coas correspondentes “certificacións de actuación” (segundo o modelo que figura no anexo deste convenio) antes do día 15 de decembro.*

*En xeral, a entidade comprométese a cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei de Galicia 9/2007.*

*Segundo.- Aquelas entidades que propoñan a realización de concertos e que sexan finalmente programados pola Concellería de Animación sociocultural deberán asumir os seguintes compromisos:*

*- Distribuír o material gráfico que se envíe dende o Concello, se é o caso, para difundir o concerto e incluír os logotipos da Concellería de Cultura e Animación sociocultural e da Tenencia de Alcaldía naquel que edite a propia entidade.*

*- Xestionar e aboar o importe correspondente ós dereitos de autor derivados da actuación da coral.*

*- Cubrir a “certificación de actuación”, da que se inclúe modelo no anexo do convenio, indicando as posíbeis incidencias acontecidas durante o desenvolvemento do concerto programado.*

*- Presentar o concerto facendo unha mención breve ó historial da coral, repertorio a executar e entidades que colaboran para a programación do concerto.*

*Terceiro.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:*

*1.- Programar as datas e lugares dos concertos con cargo a este convenio.*

*2.- Comunicarlle ás corais os lugares, datas e horas das actuacións, cunha antelación mínima de 15 días naturais. Debido a isto, poderanse desestimar aquelas propostas de realización de concertos que non sexan presentadas no Rexistro xeral cunha antelación mínima de 20 días á data solicitada.*

3.- Editar o material gráfico necesario para a difusión e publicidade dos concertos e remitir ós medios de comunicación a información acerca das actuacións programadas.

4.- Velar para que as condicións das actuacións sexan as máis apropiadas para a actividade e consensuadas coa propia coral, dignificando os espazos, lugares, escenarios, etc.

5.- Conceder directamente á Asociación de Corais Polifónicas de Vigo, unha subvención para a edición 2011 por importe de 25.000,00 euros, con todos os conceptos e impostos incluídos, segundo a proposta presentada por ACOPOVI que figura como anexo ó convenio, e que se financiarán con cargo ós créditos asignados en cada exercicio económico do programa orzamentario de Animación sociocultural.

O CONCELLO non asume ningún compromiso distinto dos recollidos no presente convenio.

Cuarto.- Os concertos con cargo a este convenio irán destinados ó público en xeral, con acceso libre e gratuito, ata completar o aforo do lugar onde se realicen. Os lugares concretos de actuación serán decididos pola Concellería de Animación sociocultural, tendo en conta as seguintes necesidades técnicas:

- Escenario adecuado e suficiente para a actuación da coral.
- Estrutura para a disposición dos membros da coral en tres niveis.
- Cadeiras para o público.
- Local a modo de camerinos para cambio de vestiario.

Quinto.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Sexto.- O pagamento da cantidade estipulada no pacto terceiro deste convenio farase segundo o seguinte detalle:

1. Un primeiro pagamento polo 50% do importe total, en concepto de pago anticipado, que se tramitará de oficio e se efectuará por transferencia bancaria á conta corrente número 2080.0128.12.0040005175 domiciliada en Novacaixagalicia, da que é titular a beneficiaria, na primeira quincena de maio. Este pagamento anticipado á entidade farase co fin de que esta poida facer fronte a unha serie de gastos que non se poden pospoñer ata a conclusión do programa, relativos á organización das actuacións (desprazamentos das masas corais, gastos que acostuman asumir as corais, etc.).

2. Un segundo e derradeiro pagamento polo 50% restante, que se tramitará previa solicitude de pagamento polo Rexistro xeral antes do 20 de decembro e se efectuará por transferencia bancaria á mencionada conta. A ACOPOVI terá que incorporar á antedita solicitude todas as

*certificacións de actuacións realizadas polas corais e facturas de emitidas no período. O pagamento tramitarase previa certificación do persoal técnico de Animación sociocultural, na que especifique que procede por cumprirse o clausulado do convenio e a conformidade cos xustificantes presentados.*

*Sétimo.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.*

*A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.*

*Oitavo.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.*

*Noveno.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a incorporación do logotipo da Concellería de Cultura e Animación Sociocultural e da imaxe corporativa do evento en todos os soportes publicitarios que edite.*

*Décimo.- A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de Galicia 9/2007.*

*Décimo primeiro.- A beneficiaria, no prazo de quince días a contar desde o remate da actividade subvencionada deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar un informe final relativo ó desenvolvemento do programa “Vigo, un mar de corais”, onde figurarán como mínimo:*

*a) Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións previstas no presente convenio, con indicación das actuacións celebradas, certificacións das actuacións, datos de participación e asistentes individualizados por evento e por cómputo global, memoria de prensa, rexistro fotográfico e audiovisual e informe de incidencias.*

*b) Memoria económica xustificativa do custo final das actividades realizadas, que incorporará:*

*- Relación clasificada dos gastos con identificación do acredor e documento, número de factura, CIF/NIF, concepto facturado e importe.*

*- Facturas das actuacións realizadas emitidas á ACOPOVI polas corais asociadas. As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Non será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención. Se a beneficiaria solicitase a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.*

- *Relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade con indicación do importe e procedencia.*

*Décimo segundo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei de Galicia 9/2007.*

*Décimo terceiro.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no exercicio económico do convenio.*

*A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 30.000 euros por execución de obra ou 12.000 euros no caso de subministracións ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.*

*Décimo cuarto.- A realización da actividade subvencionada, o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención e a súa axeitada xustificación serán comprobados polos servizos da Concellería de Animación Sociocultural. O persoal técnico do servizo de Animación Sociocultural emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.*

*Décimo quinto.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Animación Sociocultural e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.*

*Décimo sexto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da LG 9/2007.*

*Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.*

*Décimo sétimo.- A información sobre as actividades, especialmente en carteis e programas, estará integramente en idioma galego, e terá que ser revisada polo servizo de normalización lingüística do Concello de Vigo. En toda a información figurarán os logotipos da Concellería de Cultura e Animación sociocultural, da Tenencia de Alcaldía e da entidade beneficiaria, nas mesmas condicións e tamaños.*

*Décimo oitavo.- O mecanismo de seguimento da execución deste convenio realizarase en base ás "certificacións de actuación" asinadas pola entidade correspondente, á memoria e informe que presente a ACOPOVI e da presenza de persoal técnico da Concellería de Animación sociocultural durante os concertos que se determinen.*

*Décimo noveno.- O presente convenio terá vixencia anual a contar dende a data da súa sinatura.*

*Vixésimo.- A cancelación do presente convenio con algunha das corais participantes poderá producirse unilateralmente por parte do CONCELLO por algún dos seguintes motivos:*

- Unha incomparecencia inxustificada a un concerto;
- Por impuntualidade non xustificada en tres ocasións;
- Por non ter presente no escenario os soportes de difusión e publicidade institucional en dous concertos.

*Vixésimo primeiro.- O concelleiro de Animación Sociocultural queda facultado para resolver as posibles controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan ó seu cumprimento e desenvolvemento.*

*Vixésimo segundo.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.*

*Vixésimo terceiro.- A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de Galicia 9/2007 en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.*

*Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Animación Sociocultural.*

*A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Animación Sociocultural do Concello de Vigo.*

*Vixésimo cuarto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.*

*E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, no lugar e na data que se indican.*

**7(767).- NOMEAMENTO INTERINO DUN AXENTE TIC PARA A EXECUCIÓN DO PROGRAMA DE CARÁCTER TEMPORAL “REDE CEMIT” NO TELECENTRO DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 8316/77.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 29.06.11, e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Promoción Económica e Emprego, do

28.06.11, conformado polo concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Declarar a urxencia no nomeamento dunha funcionaria interina para a execución do programa de carácter temporal, “Rede de centros para a modernización e inclusión tecnolóxica (Rede CeMIT) de Fomento do uso das novas tecnoloxías da información e comunicación para o Telecentro do Concello de Vigo, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.c) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, xustificada na subvención otorgada pola Xunta de Galicia, unha vez formalizado o convenio de adhesión con data 06 de maio de 2011, logo de solicitala a Xunta de Goberno Local de data 12 de xullo de 2010 e de aprobar as bases de selección en datas 18 de abril e 23 de maio de 2011.

Segundo.- Autorizar o gasto para facer fronte ao nomeamento, ata o 31 de decembro de 2011, por un importe de 16.211,00€, con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias, *previstas no vixente orzamento, dentro do Capítulo I de gastos* e distribuído conforme ao seguinte:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA		IMPORTE (€)
2410..1310005	CONTRATACIÓN AXENTE TIC	12.384,26
2410..1600005	SEGURIDADE SOCIAL AXENTE TIC	3.826,74
<b>TOTAL</b>		<b>16.211,00</b>

Terceiro.- Nomear como funcionaria interina para a execución do programa de carácter temporal, ata o 31 de decembro de 2011:

- *Como Axente TIC* (grupo C1, nivel de complemento de destino 19 e complemento específico 316) para a execución do programa de carácter temporal “Rede de centros para a modernización e inclusión tecnolóxica (Rede CeMIT) de Fomento do uso das novas tecnoloxías da información e comunicación para o Telecentro do Concello de Vigo:

Nº	Apelidos e nome	DNI
1	Neri Crespo, Cecilia	42854155A

Realizando funcións propias como axente TIC, no desenvolvemento do proxecto “*De fomento do uso das novas tecnoloxías da información e comunicación*”, segundo as bases de selección para este posto, aprobadas en Xunta de Goberno Local de data 18 de abril e de 23 de maio de 2011, no marco do protocolo de adhesión á rede de centros para a modernización e inclusión tecnolóxica da Xunta de Galicia (Rede CeMIT) entre a Xunta de Galicia e o Concello de Vigo e a Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, art. 10 Funcionarios interinos, punto 1, letra c) A execución de programas de carácter temporal.

- E no suposto dunha eventual renuncia, como *suplente de axente TIC*(grupo C1, nivel de complemento de destino 19 e complemento específico 316) para a execución do

programa de carácter temporal “Rede de centros para a modernización e inclusión tecnolóxica (Rede CeMIT) de Fomento do uso das novas tecnoloxías da información e comunicación para o Telecentro do Concello de Vigo:

Nº	Apelidos e nome	DNI
1	Rodríguez Peleteiro, M <sup>a</sup> Ángeles	36066068K

Cuarto.- Este nomeamento farase de conformidade co disposto no Art. 10.1.c) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, ata o 31 de decembro de 2011, e continuaría en vigor en canto se prorrogue o convenio, por períodos anuais previa valoración e verificación por parte da Xunta de Galicia do cumprimento das obrigas e da dispoñibilidade orzamentaria existente, así dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do EBEP, cando finalice a causa que deu lugar ó seu nomeamento, daccordo co art. 10 apartado 3.

Quinto.- Dito nomeamento, percibirá como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinada, a establecida para un posto de traballo de grupo C1, nivel de complemento de destino 19 e complemento específico 316, administrativo, sendo adscrita ao departamento de Emprego (Código 108)

Sexto.- A xornada laboral desta traballadora nomeada, desenvolverase preferentemente en xornada continuada de mañá -07:45 a 15:00 horas-. En calquera caso, contarase con dispoñibilidade horaria para traballar en quenda de tarde, si por requerimento do Servizo fose necesario.

Sétimo.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da publicación do acto que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos, 8, 25 e 46 da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

**8(768).- CONCESIÓN DE SUBVENCIONS DA CONCELLERÍA DE IGUALDADE A ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA A REALIZACIÓN DE PROGRAMAS E/OU ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DA MULLER NO ANO 2011. EXPTE. 4844/224.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 22.06.11, e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Igualdade, do 24.06.11, conformado pola concelleira de Igualdade, a Xunta de Goberno local acorda:



1º.- Conceder, con cargo á partida 2311.4890000 do vixente orzamento, as subvencións ás entidades para os programas, proxectos e actividades desenvolvidas no ano 2011 dentro do “Programa específico de subvencións da concellería de Igualdade para a realización de programas e/ou actividades de promoción da muller”, por un importe total de oitenta e nove mil novecentos euros (89.900,00€); constando no anexo I que se achega, a relación de entidades, proxectos e axudas concedidas.

2º.- Denegar a concesión das solicitudes de subvención que de seguido se relacionan, por considerar, o órgano instrutor, que non son conformes coas bases reguladoras do Programa:

a) Por non atoparse a entidade debidamente inscrita no Rexistro Municipal de asociacións (punto 1.a da Base Quinta)

Entidade: “Submergentes” CIF 27754209

Entidade: “ CD Bosco” CIF G36692317

Entidade: “Foro Feminista”

b) Por considerar que teñen unha relación e canle mais específica de subvención con outras áreas do Concello de Vigo

Entidade: “Escola de tempo libre Xaruma” CIF G36817385

Entidade: “Fundación Igual Arte” CIF G36427524

Entidade: Fundación olívica de ampas de Vigo e comarca (Foampas)  
CIF G36743946

Entidade: Asociación Benéfica Beiramar” CIF G36634608

c) Por non reunir os proxectos as condicións mínimas de interese xeral, indicando unha mala definición do mesmo ou que a materia non se axusta aos obxetivos da convocatoria (punto 2.g da Base Quinta).

Entidade: Asociación Mulleres Rosalía de Castro, G36688992

Proxecto: “Visita ao parque natural de Marcelle en Lugo”

Entidade: Sindicato traballadores/as do ensino de Galicia-Pontevedra, J36125946

Proxecto “Campaña 8 de marzo”

Proxecto “Campaña 25 de novembro”

Entidade: Federación Veciñal Eduardo Chao, G36681708.

Proxecto “Obradoiros igualdade e emprego”

Entidade: AVCR San Mamede de Zamáns”, G36691855

Proxecto “Creatividade”

Entidade: SCR D Helios, G36633428

Proxecto “Automaquillaxe e coidados da pel”

Proxecto “A cociña mediterránea”  
Proxecto “Cultivo de árbores froiteiras, poda e inxertos”

Entidade: CRC de Cabral, V36658680  
Proxecto “Excursión cultural á cidade da Cultura”

Entidade: Asociación Xogais, G36917037.  
Proxecto “Curso: violencia de xénero “da lexislación á acción”

Entidade: Casa de Andalucía en Vigo, G36621290.  
Proxecto “Alimentación saudábel”  
Proxecto “Obradoiro de edición audiovisual”.

Entidade: Asociación de Peruanos en Galicia, G36978450.  
Proxecto “Mi autoestima”  
Proxecto “Lavar, planchar e zurcir”  
Proxecto “Belleza integral de la mujer”

Entidade: Asociación colectivo VV Curva de San Gregorio, G36972024.  
Proxecto “Alfabetización Entic para mulleres II”

Entidade: Asociación Galega Xaira, G70285960  
Proxecto: “Xenerarte”

Entidade: Asociación Fontenova, G36838514  
Proxecto: Obradoiro de habilidades directivas”

Entidade: Asociación cultural de investigación e intervención socioeducativa imbricadas na acción, G70277314  
Proxecto: Educación en igualdade nos centros educativos

Entidade : Federación provincial empresarios hostelería de Pontevedra, G36614907  
Proxecto: “A muller no mundo laboral”

Entidade: Asociación de traballadores por conta propia de Galicia-ATA Galicia, G15812811  
Proxecto: Adestramento, organizacional, o liderado empresarial feminino e a mellora da competitividade”

d) Por ter outro proxecto ao que se lle concede unha subvención por importe superior a 1.500,00€, a proposta da Comisión de Valoración (punto 2 h da Base Quinta).

Entidade: Coordinadora da Marcha Mundial das Mulleres, G15773013  
Proxecto “Campana contra a lei de familia”

Entidade: Unión Xeral de Traballadores UGT, G15383011.

Proxecto “Emprego xuvenil: iniciativas e recurso”

Entidade: CC OO Unión Comarcal de Vigo, G15103112.

Proxecto “Violencia de xénero:un problema social”

Proxecto “Corresponsabilidade e igualdade”

Entidade: CCAR de Valladares, G36617082.

Proxecto “Actividades de dinamización”

Proxecto “Formémonos e ocupémonos”

Entidade: Asociación VCD de Lavadores, G36633618.

Proxecto “Viaxe cultural a Santiago de Compostela”

Proxecto “Viaxe sociocultural as illas Cíes”

Proxecto “Curso iniciación á informática”

CIF	ENTIDADE SOLICITANTE:	PROXECTOS	Puntos proxectos	Puntos por entidade	Custo do proxecto	Contía solicitada	Contía concedida por proxectos	Contía concedida por entidade
G15773013	Asoc. Coordinadora da Marcha Mundial das Mulleres	Celebración 8 de marzo, 24 de maio e 25 de novembro	17	23,75	5.140,00 €	3.340,00 €	2550	<b>3.562,50</b>
		Participación en coordinadora europea e encontro internacional	6,75		6.100,00 €	4.300,00 €	1012,5	
G36619468	Asoc. de Mulleres Dorna	Taller de experiencias sonoras	6	6	1.040,00 €	1.040,00 €	900	<b>900,00</b>
G36688992	Asoc. Mulleres Cabral Rosalía de Castro	Curso de manualidades	2	8	1.600,00 €	400,00 €	300	<b>1.200,00</b>
		Curso de economía, alimentación e cociña para homes	6		2.000,00 €	1.775,00 €	900	
G36662971	Asoc. Mulleres Lúa de Bembrive	Ximnasia	5,5	7,5	5.244,86 €	1.000,00 €	825	<b>1.125,00</b>
		Festa homenaxe ás nais	2		975,00 €	600,00 €	300	
G36710234	Asc. Empresarias da Provincia de Pontevedra	Xornadas de sensibilización dirixidas a mulleres	8	8	7.700,00 €	6.200,00 €	1200	<b>1.200,00</b>
V36866234	Colectivo Violeta	Exposicion colectiva pintoras e escultoras	2,75	5,5	500,00 €	400,00 €	400	<b>800,00</b>
		Exposicion colectiva fotografías	2,75		500,00 €	400,00 €	400	
G36657336	Asoc. Mulleres Progresistas	Edición recompilatorio relatos premios	13,5	13,5	3.900,00 €	3.900,00 €	2025	<b>2.025,00</b>
G36928646	Asoc. Rede de Mulleres Veciñais contra Malos tratos	Risoterapia	10	15,5	2.600,50 €	2.600,50 €	1500	<b>2.325,00</b>
		Resolución de conflitos	5,5		2.500,00 €	2.500,00 €	825	
G36767119	Mulheres Nacionalistas Galegas	As rúas tamén teñen xénero	36,75	36,75	9.575,00 €	8.275,00 €	5512,5	<b>5.512,50</b>
G36706927	Confederación Intersindical Galega CIG	XVI encontro sindical da muller: “Defende o teu futuro”	36,5	36,5	8.100,00 €	8.100,00 €	5475	<b>5.475,00</b>
G15383011	Unión Xeral de Traballadores Vigo UGT	XVI encontro sindical da muller: “Defende o teu futuro”	36,5	36,5	8.100,00 €	8.100,00 €	5475	<b>5.475,00</b>

G15103112	CCOO Unión Comarcal de Vigo	XVI encontro sindical da muller: "Defende o teu futuro"	36,5	36,5	8.100,00 €	8.100,00 €	5475	<b>5.475,00</b>
J36125946	Sindicato traballadores/as do ensino de Galicia-Pontevedra	Plans de igualdade en centros educativos	5,5	10,5	1.200,00 €	1.200,00 €	825	<b>1.575,00</b>
		Exposición Tempo de mulleres, mulleres no tempo	5		1.400,00 €	1.300,00 €	750	
G36681708	Federación A VV Eduardo Chao	Xornadas 8 de marzo	5,5	5,5	1.000,00 €	1.000,00 €	825	<b>825,00</b>
G36644904	AVV Rosalía de Castro da Salgueira	loga	5,5	5,5	1.080,00 €	940,00 €	825	<b>825,00</b>
G36648640	AVV Cultural Deportiva de San Miguel de Oia	Mantemento físico	8	8	7.500,00 €	3.000,00 €	1200	<b>1.200,00</b>
G36646545	AVV de Teis	Programa formativo de novas tecnoloxías	10	10	3.500,00 €	2.000,00 €	1500	<b>1.500,00</b>
G36632081	AVV de Beade	Formación laboral e saúde muller	10	10	3.480,00 €	3.280,00 €	1500	<b>1.500,00</b>
G36691855	AVCR San Mamede de Zamáns	Combinación de coiro e tea	2	2	1.200,00 €	700,00 €	300	<b>300,00</b>
G36623593	AVV Monte da Mina de Castrelos	Elementos decorativos: restauración e reciclaxe	2,75	2,75	2.355,00 €	2.355,00 €	412,5	<b>412,50</b>
G36709004	AV Doutor Fleming	Pon en marcha as túas neuronas	10	10	3.930,00 €	3.280,00 €	1500	<b>1.500,00</b>
G36648988	AVCD San Xurxo de Saiáns Vigo	Curso de inglés para mulleres IV	10	10	2.550,00 €	2.300,00 €	1500	<b>1.500,00</b>
G36863348	UVCD de Candeán	Curso de informática	10	10	3.395,00 €	2.700,00 €	1500	<b>1.500,00</b>
G36617082	CCAR de Valladares	Ocúpate, consérvate e divirtete	13,5	13,5	30.050,00 €	7.400,00 €	2025	<b>2.025,00</b>
G36648608	AVV Emilio Crespo San Paio de Navia	Promoción das mulleres: facendo fronte á fenda dixital"	8	8	1.300,00 €	1.300,00 €	1200	<b>1.200,00</b>
G36631703	SVCD Nautilus San Andrés de Comesaña	Creatividade	2	2	1.200,00 €	1.200,00 €	300	<b>300,00</b>
G36648293	AVV do Calvario	Curso de informática-internet	8,75	8,75	2.500,00 €	1.500,00 €	1312,5	<b>1.312,50</b>
G36633428	SCRD Helios	Danzoterapia	5,5	5,5	1.200,00 €	1.200,00 €	825	<b>825,00</b>
G36622835	Asoc. De Persoas Xordas de Vigo	O empoderamento das mulleres xordas V Edición	8,75	8,75	5.110,00 €	5.110,00 €	1312,5	<b>1.312,50</b>
G36820637	Asoc. Galega Amigos del Rocío	Combustible ecolóxico	6,75	6,75	1.350,00 €	1.350,00 €	1012,5	<b>1.012,50</b>
V36658680	CRC de Cabral	Exposición dos traballos das mulleres	1	6,5	380,36 €	100,00 €	100	<b>900,00</b>
		Curso introducción ás novas tecnoloxías	5,5		3.000,00 €	800,00 €	800	
G36659894	AVV de San Roque	Relaxome facendo exercicio	6	6	2.800,00 €	2.400,00 €	900	<b>900,00</b>
G36654036	Asoc. VV San Pedro de Matamá "A Unión"	Participación social das mulleres. Creatividade	2	2	1.200,00 €	1.200,00 €	300	<b>300,00</b>
G36842284	A. VV Praza da Miñooca	Utilizamos as tecnoloxías	6	12	2.200,00 €	2.000,00 €	900	<b>1.800,00</b>
		Tecnoloxías e información	6		2.200,00 €	2.000,00 €	900	
G36648186	Asoc. VV Camiño Vello de Coia	Inglés para mulleres: iniciación	4	9,5	2.850,00 €	1.200,00 €	600	<b>1.425,00</b>
		Informática para mulleres: iniciación	5,5		2.850,00 €	1.200,00 €	825	
G36622793	Asoc. VV Cristo da Victoria	Inglés para mulleres: nivel intermedio	4	9,5	2.000,00 €	1.300,00 €	600	<b>1.425,00</b>
		Informática para mulleres: nivel avanzado	5,5		2.000,00 €	1.300,00 €	825	
G36633618	Asoc V C D de Lavadores	Mulleres de Lavadores. Protagonistas da súa historia	11,5	11,5	3.500,00 €	3.200,00 €	1725	<b>1.725,00</b>

V36627495	CRA e Cultural de Coruxo	Plan "Muller en coruxo 2011"	8	8	6.280,00 €	5.000,00 €	1200	<b>1.200,00</b>
V36655017	A VV Fonte do Galo	Deporte e saúde	6	6	2.880,00 €	2.000,00 €	900	<b>900,00</b>
G36640985	A VV As Nosas Rúas	Curso autoestima e pensamento positivo	2,5	5	391,40 €	391,40 €	375	<b>750,00</b>
		Curso de habilidades sociais	2,5		391,40 €	391,40 €	375	
G36642726	Asoc. Axuda ó Toxicómano Érguete	Programa de intervención socioeducativa "Mirate"	10	10	14.236,88 €	13.086,88 €	1500	<b>1.500,00</b>
G36861078	Fundación Érguete-Integración	Curso Teleoperadora	10	10	2.950,80 €	2.950,80 €	1500	<b>1.500,00</b>
G36697324	Asoc. Síndrome de Down	Muller 2011 "educación para a saúde"	8,75	8,75	11.746,66 €	8.809,99 €	1312,5	<b>1.312,50</b>
G79408852	Médicos del Mundo	Investigación no grupo de mulleres que viven na rúa	7	7	6.165,87 €	4.000,00 €	1050	<b>1.050,00</b>
G36917037	Asociación Xogais	"Pioneiras" revista	5,5	7,5	3.805,00 €	1.902,50 €	825	<b>1.125,00</b>
		Boletín: Sofía Casanova. A corresponsal galega	2		1.840,00 €	920,00 €	300	
G36621290	Casa de Andalucía en Vigo	Informática e internet (intermedio)	3	11	3.050,00 €	2.300,00 €	450	<b>1.650,00</b>
		Habilidades domésticas (Igualdade-homes)	8		3.650,00 €	3.000,00 €	1200	
G36992360	Escola da Mulleres Solidarias	O prezo da igualdade. Uso do tempo	2	4	2.500,00 €	2.500,00 €	300	<b>600,00</b>
		O papel da mulleres maiores na conciliación familiar	2		3.000,00 €	3.000,00 €	300	
G27718907	Asoc. Nos Mesmas	Orgullo LGTB 2011: ano pola diversidade familiar	2,75	8,75	1.150,00 €	1.000,00 €	412,5	<b>1.312,50</b>
		Actos día visibilidadelésbica	2		470,00 €	350,00 €	300	
		III Semana contra a lgtbfóbica	2		350,00 €	300,00 €	300	
		Guía e kit sexo máis seguro para MSM	2		9.000,00 €	900,00 €	300	
G36987147	AZO A Galega apoio o desenvolvemento do inmigrante e emigrante retornado	Conectemos xuntas II	4	4	2.700,00 €	2.700,00 €	600	<b>600,00</b>
G28197564	Asoc. Española contra o Cancro	VITALIA. Estancias terapéuticas para mulleres	4	4	5.900,00 €	2.800,00 €	600	<b>600,00</b>
G27719293	Asociación CAFÉK	Historias para vivir mejor	2	2	6.170,00 €	6.000,00 €	300	<b>300,00</b>
G27728658	Asoc. Faraxa pola abolición da prostitución	Sensibilización e concienciación sobre "Trata de persoas con fins de explotación sexual"	9	9	10.428,29 €	6.500,00 €	1350	<b>1.350,00</b>
G83117374	Fundación Secretariado Gitano	Participación social de mulleres xitanas de Vigo	4	4	4.832,39 €	1.900,00 €	600	<b>600,00</b>
G36627453	Asociación Víguesa de Alcohololoxía ASVIDAL	Nos mesmas	6	6	3.800,00 €	3.800,00 €	900	<b>900,00</b>
G27753060	Aso Educativa e Sociocultural Imaxina	Charlas de xénero	2	2	10.783,52 €	10.783,52 €	300	<b>300,00</b>
G36838464	Implicadas no desenvolvemento	I Esola feminista. Centros de periferias	9,25	9,25	1.600,00 €	1.400,00 €	1387,5	<b>1.387,50</b>
G36791291	Agrupación Centros Deportivos e Culturais Vigo	loga	1,5	6	7.000,00 €	5.000,00 €	225	<b>900,00</b>
		Pilates	1,5		7.000,00 €	5.000,00 €	225	
		Aerobic	1,5		7.000,00 €	5.000,00 €	225	
		Ximnasia	1,5		7.000,00 €	5.000,00 €	225	
G36978450	Asociación de Peruanos de Galicia	Coidando a mi bebé (homes)	4	4	2.080,00 €	1.120,00 €	600	<b>600,00</b>

G36972024	Asoc. Colectivo VV Curva de San Gregorio	Alfabetización Entic para mulleres I	9	9	2.635,50 €	2.635,00 €	1350	<b>1.350,00</b>
G36633022	SODIM	Igualdade de oportunidades	3,5	3,5	3.700,00 €	3.000,00 €	525	<b>525,00</b>
G36797579	Fundación para desarrollo de culturas y pueblos	Estrategias del empoderamiento de la mujer en el ámbito laboral de Vigo	6	6	15.616,46 €	15.616,46 €	900	<b>900,00</b>
G80974702	Fundación Mujeres	Xornadas: "Ferramentas claves de xestión para implantar a conciliación nas empresas"	16,75	16,75	9.337,00 €	9.337,00 €	2512,5	<b>2.512,50</b>
		<b>TOTALES</b>	<b>600</b>	<b>600</b>				<b>89900</b>
		As casillas en cor vermella na columna -contía concedida por proxectos- significa que por valor da puntuación tería dereito a mais cantidade pero se lle concede a contía solicitada (menor importe do que lle correspondería por puntuación)						

### 9(769).- XUSTIFICANTES DE LIBRAMENTOS.

Examinados os xustificantes de libramento remitidos por Intervención Xeral, a Xunta de Goberno local acorda aprobar as seguintes relacións dos mesmos:

NOME	O.PAGO	IMPORTE	XUSTIFI-CAC.	REINT.	S/FA-VOR
ALONSO FERRAGUD SANTIAGO	11004639	1.000,00	773,12	226,88	----
CASTILLO MARTIN CARMELO	11002166	3.000,00	1.299,86	1.700,14	----
CASTILLO MARTIN CARMELO	11002167	600,00	70,85	529,15	----
COMESAÑA ALEN JUAN RAMON	11008484	4.000,00	3.994,11	5,89	----
DIAZ DE BUSTAMANTE Mª PILAR	10090999	548.956,24	542.628,89	6.327,35	----
ESCARIZ COUSO ALBERTO	10059102	244,14	225,44	18,70	----
ESCARIZ COUSO ALBERTO	10059105	182,47	168,37	14,10	----
ESCARIZ COUSO ALBERTO	11002995	500,00	193,18	306,82	----
ESCARIZ COUSO ALBERTO	11012988	3.000,00	1.332,50	1.667,50	----
MAGDALENA VILA Mª JESUS	11004640	200,00	76,05	123,95	----
MEDIERO RODRIGUEZ BELEN	11005918	1.500,00	1.511,30	----	11,30
OTERO LAMAS JOSE ANGEL	11004635	4.000,00	3.999,84	0,16	----
OTERO LAMAS JOSE ANGEL	11004636	2.000,00	1.838,48	161,52	----
SAN LUIS COSTAS AVELINO	11002848	300,00	242,20	57,80	----
VIEITES ALEN JOSE MANUEL	11002996	6.000,00	5.999,27	0,73	----
<b>TOTAL</b>		<b>575.482,85</b>	<b>564.353,46</b>	<b>11.140,69</b>	<b>11,30</b>

TOTAL XUSTIFICADO ..... 564.353,46.-

NOME	O.PAGO	IMPORTE	XUSTIFI- CAC.	REINT.	S/FAVOR
ABALDE COMESAÑA RAQUEL	11015954	500,00	541,62	----	41,62
CABRERA RIANDE JORGE	11007861	300,00	296,69	3,31	----
CABRERA RIANDE JORGE	11007862	300,00	300,00	----	----
ESCARIZ COUSO ALBERTO	11018859	600,00	600,00	----	----
ESCARIZ COUSO ALBERTO	11021270	206,74	206,73	0,01	----
ESCARIZ COUSO ALBERTO	11021271	450,00	320,07	129,93	----
ESCARIZ COUSO ALBERTO	11024653	200,00	200,00	----	----
ESCARIZ COUSO ALBERTO	11024654	672,00	425,63	246,37	----
ESCARIZ COUSO ALBERTO	11024655	206,74	206,74	----	----
ESCARIZ COUSO ALBERTO	11025372	151,84	151,84	----	----
ESCARIZ COUSO ALBERTO	11034377	350,00	350,00	----	----
ESPADA RECAREY LUIS	11012323	500,00	383,33	116,67	----
ESPADA RECAREY LUIS	11014790	500,00	435,51	64,49	----
ESPADA RECAREY LUIS	11023917	17.999,00	17.776,96	222,04	----
ESPADA RECAREY LUIS	11025509	500,00	375,71	124,29	----
GONZALES DOMINGUEZ LUZ M <sup>a</sup>	11009484	120.470,00	120.320,00	150,00	----
GONZALEZ DOMINGUEZ LUZ M <sup>a</sup>	11013022	45.505,00	45.232,52	272,48	----
GUTIERREZ ORUE FRANCISCO J.	11026627	200,00	200,00	----	----
GUTIERREZ ORUE FRANCISCO J.	11027683	1.206,72	1.206,72	----	----
MAGDALENA VILA M <sup>a</sup> JESUS	11021140	395,30	395,30	----	----
MAGDALENA VILA M <sup>a</sup> JESUS	11021141	395,30	395,30	----	----
MAGDALENA VILA M <sup>a</sup> JESUS	11021142	395,30	395,30	----	----
OTERO LAMAS FRANCISCO	11006503	6.000,00	5.829,67	170,33	----
OTERO LAMAS FRANCISCO	11022427	700,00	700,01	----	0,01
OTERO LAMAS JOSE ANGEL	11033824	150,00	34,57	115,43	----
QUINTELA RODRIGUEZ M <sup>a</sup> JOSE	11008499	50.000,00	50.000,00	----	----
SAN LUIS COSTAS AVELINO	11002847	500,00	544,54	----	44,54
TOTAL		249.353,94	247.824,76	1.615,35	86,17

TOTAL XUSTIFICADO ..... 247.824,76.-

**10(770).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 13.447,62 € A FAVOR DA MERCANTIL TOYSAL POLA XESTIÓN DOS RESIDUOS VOLUMINOSOS DA CIDADE DE VIGO NO MES DE MAIO 2011. EXPTE. 3054/252.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral, do 23.06.11, e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Limpeza, do 17.06.11, conformado polo concelleiro delegado de Limpeza, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a indemnización substitutiva pola prestación efectiva do servizo de xestión dos residuos voluminosos (Ler 200307) da cidade de Vigo no mes de maio do 2011 por parte da Mercantil TOCA Y SALGADO S.L.

2º.- Recoñecer a obriga económica a favor da referida empresa polo importe de 13.447,62 euros, Ive engadido, en concepto de resarcimento pola prestación realizada no mes de maio do 2011.

3º.- Imputar o gasto ao crédito existente na partida 1620.2270017 do vixente Orzamento de Gastos.

**11(771).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE GASTO MENOR TRAMITADOS NO SERVIZO DE MEDIO AMBIENTE NO MES DE XUÑO 2011. EXPTE. 7868/306.**

Mediante providencia de data 27.06.11, en cumprimento do establecido na base 31ª das normas xerais de execución do orzamento de gastos do Concello de Vigo, a concelleira delegada de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo dá conta da relación de expedientes de contratación tramitados polo réxime de gasto menor durante o mes de xuño de 2011, que son os seguintes:

7852/306	1720.210.00.01	CMSUB	Adquisición de postes e traveseiros de madeira para a delimitación de Muíños e pasarelas de madeira areais	Novocontorno, SL	21/06/2011	21/06/2011	9.092,12 €
7853/306	1721.227.00.01	CM SER	Limpeza diaria duante a tempada de verán das casetas sanitarias nos areais	Novocontorno, SL	21/06/2011	21/06/2011	4.802,59 €
7850/306	1721.227.99.00	CM SER	Actualización dos paneis informativos nos areais do Concello de Vigo	Novocontorno, SL	20/06/2011	21/06/2011	1.800,87 €

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

**12(772).- PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE DAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DA PRIMEIRA FASE DO CENTRO GALEGO DE FOTOGRAFÍA (ANEXO III). EXPTE. 6058/307.**



Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa de Patrimonio Histórico, do 20.06.11, conformado pola concelleira delegada de Urbansimo, Cascos Históricos e Grandes Proxectos, que di o seguinte:

*A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de 28 de xaneiro de 2011, aprobou o plan de seguridade e saúde das OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DA PRIMEIRA FASE DO CENTRO GALEGO DE FOTOGRAFÍA (EXPTE.5813-307).*

*A Xunta de Goberno Local, en sesión de 25 de abril de 2011, aprobou o ANEXO I do Plan de Seguridade e Saúde das obras de construción da primeira fase do Centro Galego de Fotografía, informado favorablemente por Ádega da Costa González, coordinadora de seguridade e saúde de ditas obras.*

*A Xunta de Goberno Local, en sesión de 9 de maio de 2011, aprobou o ANEXO II do Plan de Seguridade e Saúde das obras de construción da primeira fase do Centro Galego de Fotografía, informado favorablemente por Ádega da Costa González, coordinadora de seguridade e saúde de ditas obras.*

*O 16 de xuño de 2011, a coordinadora de seguridade e saúde informa favorablemente o ANEXO III do Plan de Seguridade e Saúde de ditas obras.*

*Polo exposto, solicítase desa Xunta de Goberno Local o seguinte:*

*Aprobar o ANEXO III do Plan de Seguridade e Saúde das obras de construción da primeira fase do Centro Galego de Fotografía, informado favorablemente por Ádega da Costa González.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **13(773).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN EN MATERIA DE FORMACIÓN DA POLICÍA LOCAL COA ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE PÚBLICA. EXPTE. 34602/212.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 2.03.2011, e de acordo co informe-proposta do intendente-xefe en funcións da Policía Local, do 22.06.11, conformado polo concelleiro delegado de Mobilidade, Transporte, Seguridade e Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o convenio de colaboración coa Academia Galega de Seguridade Pública, que se achega como Anexo.

2º.- Autorizar o gasto total de 7.000 € necesario para a execución do convenio, conforme a seguinte distribución:

- 5.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 1320.2330000 ( cursos de formación impartidos por empregados públicos)

- 2.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 1320.2279910 ( cursos de formación impartidos por empresas),

*CONVENIO DE COLABORACIÓN EN MATERIA DE FORMACIÓN ENTRE A ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE PÚBLICA E O CONCELLO DE VIGO.*

*A Estrada, de 2011.*

*C O M P A R E C E N:*

*DUNHA PARTE, D. José Carlos García Bouzas, director xeral da Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP), actuando no seu nome e representación en virtude das competencias que ten atribuídas polo artigo 12 da Lei 1/2007, do 15 de xaneiro, da Academia Galega de Seguridade Pública.*

*DOUTRA, D. Abel Caballero Álvarez, Alcalde do Concello de Vigo, actuando en virtude das atribucións que lle confire o artigo 124.4.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.*

*Recoñecéndose ambas as dúas partes capacidade e representación legal suficiente para o outorgamento do presente convenio de colaboración,*

*E X P O Ñ E N:*

*I.- Que conforme á Lei 1/2007, do 15 de xaneiro, da Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP) -artigos 1, 4.2 e 5.2-, este centro é un organismo autónomo de carácter administrativo, adscrito á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e ten encomendada, entre outras funcións, a de “elaborar os programas formativos e impartir os cursos dirixidos ao ingreso e á promoción interna nas distintas escalas dos Corpos da Policía Local de Galicia, así como a súa formación continua, perfeccionamento e especialización” e a de “promover relacións de intercambio e colaboración coas universidades e institucións de Galicia, así como con outros centros docentes e investigadores de ámbito autonómico, estatal ou internacional”.*

*II.- Que conforme aos artigos 137 e 140 da Constitución Española, e artigos 11 e seguintes da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, os Concellos son entidades locais territoriais, con personalidade xurídica propia e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins.*

*Que o Concello de Vigo dispón de Corpo de Policía Local e dunha Academia de Formación, que realiza un labor docente complementario do exercido pola AGASP.*

*Que o artigo 57 da devandita Lei 7/1985 contempla o convenio como un dos instrumentos de cooperación económica, técnica e administrativa entre os entes locais e calquera das restantes administracións territoriais.*

*III.- Que en aras do principio de eficacia que debe presidir as actuacións administrativas, ambas as partes consideran necesario cooperar no exercicio da función de formación continua e perfeccionamento dos membros da Policía Local, pois brinda a oportunidade de multiplicar os logros de cada institución reducindo os custos.*

*Que convencidos do interese público e común desa cooperación, acordan formalizar o presente convenio de colaboración que se rexerá polas seguintes:*

*CLÁUSULAS:*

*PRIMEIRA: obxecto do convenio.*

*O obxecto do presente convenio é acadar a colaboración entre a AGASP e o Concello de Vigo a través da Academia de Formación da súa Policía Local para a formación dos membros da Policía Local de Vigo.*

*Esta formación levarase a cabo mediante os cursos e demais accións formativas de actualización e especialización que resulten do plan de formación do Concello de Vigo do ano 2011 para o corpo da Policía Local.*

*SEGUNDA: organización das actividades formativas.*

*A organización dos cursos, xornadas e accións formativas deberá axustarse ás regras seguintes:*

*O deseño, estrutura, obxectivos, contidos, lugar de desenvolvemento e as datas de cada curso serán decididos pola Academia de Formación da Policía Local de Vigo dando conta á AGASP para o exercicio das facultades de coordinación legalmente atribuídas.*

*A AGASP achegará a súa infraestrutura organizativa así como diplomas, carpetas e outro material para o alumnado.*

*As solicitudes de participación dirixiranse ao Concello de Vigo, quen fará a selección do persoal asistente.*

*TERCEIRA: profesorado, aulas e locais.*

*O Concello de Vigo seleccionará e contratará o profesorado, sendo asistido pola AGASP.*

*As clases impartiranse nas instalacións da Academia de Formación da Policía Local de Vigo ou noutras instalacións que ésta propoña.*

*CUARTA: seguimento, coordinación e control das actividades formativas.*

*A Academia de Formación da Policía Local de Vigo asume o control das accións formativas, especialmente da asistencia do alumnado ás clases e da atención aos docentes.*

*Os diplomas que se expidan ao remate de cada curso ou xornada estarán asinados polo alcalde de Vigo ou concelleiro-delegado de Mobilidade, Transporte e Seguridade e polo Director Xeral da AGASP e neles figurarán ambas as dúas institucións.*

*As certificacións que poidan requirir o persoal docente ou o alumnado sobre a súa participación ou asistencia nas actividades formativas, poderán ser expedidas por calquera das partes, facendo constar a organización conxunta.*

*QUINTA: financiación e xestión económica das actividades formativas.*

*O financiamento das actividades formativas desenvolvidas ao abeiro do convenio axustarase ás seguintes regras:*

*1.- Á AGASP corresponderalle en cada curso ou acción formativa afrontar os custos dos programas, documentación e material, ata un máximo de 1.000 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 05.81.212A.226.17. En cada factura o Servizo de Formación en Seguridade Pública deberá indicar que a dita factura se corresponde co presente convenio.*

*2- O Concello de Vigo sufragará o pago de docentes e demais gastos de cada curso ou acción formativa ata un máximo de 7.000 €, 5.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 1320.2330000*

( cursos de formación impartidos por empregados públicos) e 2.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 1320.2279910 ( cursos de formación impartidos por empresas).

*SEXTA: requisitos para a obtención do diploma e réxime disciplinario.*

*Estes aspectos estarán regulados pola normativa aplicable na AGASP para cada tipo de acción formativa, que se especificará no texto de cada convocatoria.*

*SÉTIMA: comisión de seguimento.*

*Para o desenvolvemento e seguimento deste convenio créase unha Comisión Mixta paritaria, composta por dúas persoas designadas por cada parte, que adoptará os acordos por unanimidade. Son funcións desta comisión de seguimento as atribuídas no artigo 6.3 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.*

*OITAVA: vixencia do convenio.*

*O presente convenio terá vixencia desde a data da sinatura ata o día 31 de decembro de 2011.*

*NOVENA: resolución e revogación do convenio.*

*Serán causas de resolución do presente convenio as seguintes:*

- A renuncia de calquera das partes, formulada por escrito con tres meses de antelación.*
- O incumprimento das súas cláusulas do.*
- O mutuo acordo das partes.*

*DÉCIMA: modificacións.*

*As modificacións formalizaranse mediante Addenda, cos mesmos requisitos e condicións que rexen para a aprobación do convenio.*

*UNDÉCIMA: réxime xurídico.*

*Este convenio ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e pola lexislación sobre a materia, e, no seu defecto, pola lexislación de contratos do sector público e demais normas de dereito administrativo; en defecto deste último, polas normas de dereito privado. As discrepancias que xurdan pola aplicación do presente convenio serán resoltas pola comisión de seguimento prevista na cláusula sétima. A resolución dos conflitos que poideran xurdir con motivo do presente convenio corresponderá á xurisdición contencioso-administrativa.*

*O presente convenio obriga ao cumprimento do expresamente pactado, someténdose ámbas as dúas partes ao acordado en todas as súas cláusulas e, como proba de conformidade, asínanse dous exemplares no lugar e data arriba indicados.*

**14(774).- INCOACIÓN DE EXPEDIENTE DISCIPLINARIO AS FUNCIONARIAS DE CARREIRA CON POSTO DE POLICÍA LOCAL, DA. CELINA AGAHWA E DA. AÍDA VILLAR SILVA. EXPTE. 34767/212.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do intendente-xefe da Policía Local, do 17.06.11, conformado polo concelleiro delegado de Mobilidade, Transporte e Seguridade, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Ordenar a incoación de expediente disciplinario ás funcionarias de carreira do concello de Vigo, con posto de traballo de Policía local Dna. Celina Agahwa Martínez e Dna. Aída Villar Silva, a efectos de determinar a posible existencia dunha falta disciplinaria moi grave ou grave polo incumprimento das funcións encomendadas o día 22 de maio de 2011, segundo os feitos descritos no parte de servizo feito polo Inspector Principal D. Alberto Freire Estévea o 15 de xuño de 2011.

2º.- Nomear instrutor do procedemento ao Adxunto Xurídico da Policía Local, D. Antonio Vivero Mijares e secretario ao Intendente da Policía Local, D. Francisco Martínez Muñoz.

3º.- Notificar o presente Acordo ao instrutor, secretario e ás funcionarias de policía expedientadas aos efectos legalmente previstos.

**15(775).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE RADIOCOMUNICACIÓNS DA POLICÍA LOCAL. EXPTE. 33606/212.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do adxunto xurídico da Policía Local, do 2.06.11, conformado polo concelleiro delegado de Mobilidade, Seguridade e Transportes, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Ratificar a Instrucción do Concelleiro-delegado de Mobilidade, Seguridade e Transportes de 10 de decembro de 2007 polo que se acorda a iniciación do expediente de contratación.

2º.-Aprobar o expediente para a contratación, por un período dun ano prorrogable por outro, dun sistema de radiocomunicacións de voz e datos para enlaza-los diversos servizos do Concello de Vigo, con base na filosofía de asignación dinámica de frecuencias (trunking) cun máximo de 255 equipos, así como a sumministración e instalación nos equipos propiedade do Concello de 100 antenas e 80 baterías; cos seus pregos de prescripción técnicas de 22 de novembro de 2010, elaborado polo Departamento de Administración Electrónica, e de prescripcións administrativas particulares de 22 de novembro de 2010, redactado polo Departamento de Contratación.

3º.- Aprobar, en consecuencia, o gasto necesario para a licitación e a celebración do contrato, por importe de 87.373,20 €, dos que 43.686,6 € corresponden á anualidade do orzamento vixente, con cargo á aplicación orzamentaria 13202080000.

4º.- Ordenar a apertura da licitación, ordinaria e aberta.

**16(776).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 11.717,53 € A FAVOR DA MERCANTIL TAELO CORRESPONDENTE AOS MESES DE MARZO E ABRIL DE 2011. EXPTE. 34701/212.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 10.06.11, e de acordo co informe-proposta do intendente da Policía Local, do 7.06.11, conformado polo concelleiro delegado de Mobilidade, Seguridade e Transportes, a Xunta de Goberno local acorda:

1.- Aprobar a favor da mercantil TAELO, S. COOP., con C.I.F. F-36.049.543, unha indemnización substitutiva por importe de 11.717,53 € (IVE engadido) pola prestación do servizo de radiocomunicacións para a Policía Local e o Servizo de Extinción de Incendios correspondente ao período de marzo e abril de 2011, segundo factura Nº. TR80038/10, aos efectos de evitar un enriquecemento inxusto do concello de Vigo en función da efectiva e satisfactoria prestación do citado servizo e a falta de cobertura contractual do mesmo.

2.- Recoñecer en consecuencia o dereito da citada mercantil, a perceber dita cantidade polo referido concepto con cargo á aplicación orzamentaria 1320.2080000.

**17(777).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 7.077,72 € A FAVOR DE AQUILINO MOLINA VALÍN POR TRANSPORTE, MONTAXE, RECOLLIDA DE VALLAS E SERVIZOS DE SEGURIDADE VIARIA ( PRIMEIRA QUINCENA FEBREIRO 2011). EXPTE. 34664/212.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 7.06.11, e de acordo co informe-proposta do intendente da Policía Local, do 3.06.11, conformado polo concelleiro delegado de Mobilidade, Seguridade e Transportes, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a favor de Aquilino Molina Valín, con N.I.F. 35.985.317-T, unha indemnización substitutiva por un importe de 1.643,06 € (18% IVE engadido), pola prestación do servizo de transporte, montaxe e recollida de vallas, sinais e servizos de seguridade viaria as 24 horas do día correspondente ao período do mes de febreiro de 2011, no periodo comprendido entre os días 1 e 13, ámbolos dous inclusive, segundo factura Nº. 1.949 (expte. 34665-212), aos efectos de evitar un enriquecemento inxusto do concello de Vigo en función da efectiva e satisfactoria prestación do citado servizo e a falta de cobertura contractual do mesmo.

2º.- Recoñecer en consecuencia o dereito da citada mercantil, a perceber a citada cantidade polo referido concepto con cargo á aplicación orzamentaria 1320.2279902.

**18(778).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 7.077,72 € A FAVOR DE AQUILINO MOLINA VALÍN POR TRANSPORTE, MONTAXE, RECOLLIDA DE VALLAS E SERVIZOS DE SEGURIDADE VIARIA (SEGUNDA QUINCENA FEBREIRO 2011). EXPTE. 34670/212.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 7.06.11, e de acordo co informe-proposta do intendente da Policía Local, do 3.06.11, conformado polo concelleiro delegado de Mobilidade, Seguridade e Transportes, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a favor de Aquilino Molina Valín, con N.I.F. 35.985.317-T, unha indemnización substitutiva por un importe de 1.895,84 € (18% IVE engadido), pola prestación do servizo de transporte, montaxe e recollida de vallas, sinais e servizos de seguridade viaria as 24 horas do día correspondente ao período do mes de febreiro de 2011, no periodo comprendido entre os días 14 e 28, ámbolos dous inclusive, segundo factura N°. 1.960 (expte. 34669-212), aos efectos de evitar un enriquecemento inxusto do concello de Vigo en función da efectiva e satisfactoria prestación do citado servizo e a falta de cobertura contractual do mesmo.

2º.- Recoñecer en consecuencia o dereito da citada mercantil, a perceber a cantidade reseñada polo referido concepto con cargo á aplicación orzamentaria 1320.2279902.

**19(779).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 7.077,72 € A FAVOR DE AQUILINO MOLINA VALÍN POR TRANSPORTE, MONTAXE, RECOLLIDA DE VALLAS E SERVIZOS DE SEGURIDADE VIARIA (MARZO 2011). EXPTE. 34686/212.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 7.06.11, e de acordo co informe-proposta do intendente da Policía Local, do 3.06.11, conformado polo concelleiro delegado de Mobilidade, Seguridade e Transportes, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a favor de Aquilino Molina Valín, con N.I.F. 35.985.317-T, unha indemnización substitutiva por un importe de 3.538,82 € (18% IVE engadido), pola prestación do servizo de transporte, montaxe e recollida de vallas, sinais e servizos de seguridade viaria as 24 horas do día correspondente ao período do mes de marzo de 2011, segunda factura N°. 1.962 (expte. 34685-212), aos efectos de evitar un enriquecemento inxusto do concello de Vigo en función da efectiva e satisfactoria prestación do citado servizo e a falta de cobertura contractual do mesmo.

2º.- Recoñecer en consecuencia o dereito da citada mercantil, a perceber a cantidade reseñada polo referido concepto con cargo á aplicación orzamentaria 1320.2279902.

**ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

**20(780).- MODIFICACIÓN PUNTUAL DA RPT DA ÁREA DE URBANISMO E VIVENDA. EXPTE. 22153/220.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 1.07.11, dáse conta do informe-proposta da técnica de avaliación e formación de Recursos Humanos, do 30.06.11, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, que di o seguinte:

*Con data 23 de xuño de 2011, a 1ª Tenente de Alcalde e Concelleira da Area de Urbanismo, Grandes proxectos e Cascos Históricos solicita ao Sr Concellerío Delegado da Area de Xestión Municipal, debido a reestructuración das áreas ao seu cargo:*

*1.- A creación na R.P.T. dun Servizo denominado “Rehabilitación e Cascos Históricos”, na Area de Urbanismo e Vivenda (persoal municipal adscrito a X.M.U).*

*2.- O traslado do posto de Xefe de Servizo de Medio ambiente, Sanidade e Consumo (cod retributivo 302, CD 28 CE 630) a Xefatura da Xerencia Municipal de Urbanismo (Cod 400), modificándose a denominación do mesmo pola de “Xefe do Servizo de Rehabilitación e Cascos históricos”, modificándose o seu complemento específico que pasaría a ser o Cod. 625.*

*3.- A adscripción do posto de “Asesor Xurídico Areas Tenencia de Alcaldía” (Cod retributivo 304) adscrito na actualidade a 1º Tenencia de Alcaldía (Cod 307) ao Servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, cambiando a súa denominación pola de Xefe do servizo de Medio ambiente, sanidade e consumo.*

*4.- A modificación da denominación do posto “Adxunto xefe de Intervención Urbanística” pasando a denominarse “Xefe de Servizo da Area Técnica”, encadrándose na Xefatura da Xerencia de Urbanismo e modificándose así mesmo o seu complemento específico, pasando do Cod 650 ao 625*

*Segundo instrucción do Concelleiro delegado de Xestión Municipal de data 29 de xullo de 2011, ordease que, por parte do Servizo de Recursos Humanos se realicen os trámites administrativos necesarios para o sometemento a debate na Xunta de Goberno Local das modificacións anteriormente descritas.*

*En canto ao punto primeiro, e necesario ter en conta que a forma en que unha organización se estrutura é esencial para o seu funcionamento, que unha estrutura incorrecta pode non responder de forma rápida e eficiente as necesidades da cidadanía, fomentar conflitos intra e interdepartamentais e diminuír o rendemento da organización, de tal forma que moitas veces fanse necesarias as reorganizacións, e que o dispor dunha estrutura organizativa adecuada ás necesidades do Concello, é un factor clave de cara a poder conquistar unha rápida adaptación aos requerimentos existentes, conseguíndose unha mellora continua do nivel de servizo do municipio.*

*Consciente diso e, co fin de adaptar a súa organización ás novas necesidades e ao novo contexto, plantexase a necesidade de creación do novo servizo denominado “Rehabilitación e Cascos Históricos” sendo esta unha manifestación do lexítimo exercicio das facultades de autoorganización da Administración Local*



*En canto aos puntos 2,3 e 4, a modificación solicitada tratase dun cambio de adscripción e denominación de tres postos, con afectación das retribucións en dous deles:*

- ▣ *Redenominación do posto “Xefe de Servizo de Medio ambiente, Sanidade e Consumo (cod retributivo 302, CD 28 CE 630) a Xefatura da Xerencia Municipal de Urbanismo (Cod 400), modificándose a denominación do mesmo pola de “Xefe do Servizo de Rehabilitación e Cascos históricos”, modificándose o seu complemento específico do Cod 630 ao Cod. 625, o que supón un incremento no CE de 1.479,50 € anuais*
- ▣ *Redenominación do posto “Adxunto xefe de Intervención Urbanística” pasando a denominarse “Xefe de Servizo da Área Técnica”, encadrándose na Xefatura da Xerencia de Urbanismo e modificándose así mesmo o seu complemento específico, pasando do Cod 650 ao 625, o que supón un incremento no CE de 7.141,82 €*
- ▣ *A adscripción do posto de “Asesor Xurídico Áreas Tenencia de Alcaldía” (Cod retributivo 304) adscrito na actualidade a 1º Tenencia de Alcaldía (Cod 307) ao Servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, cambiando a súa denominación pola de Xefe do servizo de Medio ambiente, sanidade e consumo, sem afectación nas súas retribución*

*Para dar cobertura orzamentaria as obrigas económicas das modificacións solicitadas deberase autorizar e comprometer o gasto de 8.621,32 €, con cargo a partida 922.0.1210300 “Fondo de adecuación dos postos de traballo”, e instar a Alcaldía-Presidencia a realización das modificacións de crédito necesarias.*

*Todas as modificacións anteriores foron negociadas coa representación sindical, según Acta da Mesa Xeral de negociación de data 29 de xuño de 2011.*

*Na actualidade o Concello de Vigo conta cunha Relación de Postos de Traballo que forma parte da potestade regulamentaria e de autoorganización concedida ás Administracións locais en virtude do artigo 4.1.a da Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, artigo non modificado pola Lei 57/2003 de 16 de decembro, de Medidas para a modernización do Goberno Local. Dita RPT foi aprobada pola Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 20 de setembro de 2010)*

*A Lei 7/2007, do 13 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007) que resulta de aplicación directa ao persoal ó servizo da Administración Local, prevé no artigo 74 que as Administracións Públicas estruturarán a súa organización a través de relacións de postos de traballo ou de outros instrumentos organizativos similares, sinalándose que ditos instrumentos serán públicos.*

*De conformidade coa Disposición derogatoria única, apartado b) do devandito Estatuto Básico do Empregado Público, permanece vixente o artigo 15 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, que define á Relación de Postos de Traballo como o instrumento técnico a través do cal se realiza a ordenación do persoal daccordo coas necesidades dos servizos e se precisan os requisitos para o desempeño de cada posto. O devandito instrumento é consecuencia directa da potestade de autoorganización das entidades locais consignada no artigo 4 da Lei 7/1985, do 2 de agosto, Reguladora das Bases do Réxime Local, para o desenvolvemento das súas funcións, e concretado na posibilidade de configuración dunha organización de postos de traballo adaptada ás súas características e acorde coa finalidade esencial da adecuada prestación dos servizos públicos. Asimesmo, na Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, nos municipios suxeitos ao réxime de grande poboación a competencia para a aprobación das RPT reside na Xunta de Goberno Local.*

*Vistas as consideracións precedentes, en estricto cumprimento da instrución do servizo dictada polo Concelleiro delegado de Xestión Municipal en data 29 de xuño de 2011 e previo o preceptivo informe de fiscalización*

que emita a Intervención Xeral, elévase ao criterio da Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

*“PRIMEIRO.- Modificar a actual R.P.T., aprobada pola Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 20 de setembro de 2010, vixente na actualidade, procedéndose a creación na Área de Urbanismo e Vivenda, o Servizo de Rehabilitación e Cascos Históricos, e a integración nel dos servizos de Barrios Históricos (Cod 406) e o servizo de Patrimonio Histórico (Cod 413),*

*SEGUNDO.- Acordar a redenominação do posto de traballo de “xefe/a do servizo de medio ambiente, sanidade e consumo” en “xefe/a do servizo de Rehabilitación e Cascos históricos”, modificando o seu complemento específico que pasa a ser o Codg 625 e a súa adscripción a Xefatura da Xerencia Municipal de Urbanismo (Cod 400)*

*TERCEIRO.-Acordar a redenominação do posto “Adxunto xefe de Intervención Urbanística” en “Xefe de Servizo da Área Técnica”, encadrándose na Xefatura da Xerencia de Urbanismo e modificándose así mesmo o seu complemento específico, pasando do Cod 650 ao 625.*

*CUARTO: Acordar a redenominação do posto de “Asesor Xurídico Áreas Tenencia de Alcaldía”, vacante na actualidade, e a súa adscripción ao Servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, cambiando a súa denominación pola de Xefe do servizo de Medio ambiente, sanidade e consumo, mantendo idénticas retribucións.*

*QUINTO.- Autorizar e comprometer o gasto de 8.621,32 €, con cargo a partida 9220.1210300 para dar cobertura as obrigas económicas do presente expediente, en canto as modificacións retributivas propostas.*

*SEXTO.- Instar a Alcaldía-Presidencia a realización das modificacións de crédito necesarias para dar a cobertura orzamentaria as propostas de modificación retributiva.*

*SETIMO- Ordenar a publicación da modificación efectuada no Boletín Oficial da Provincia en cumprimento do disposto no artigo 74 da Lei 7/2007, do 13 de abril.*

*OITAVO.- Notifíquese o presente acordo aos interesados/as, concelleiros-delegados e xefes/as da Áreas e Servizos afectados, Servizo de Recursos Humanos (Organización e Planificación) aos efectos oportunos.*

*Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.”*

### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no devandito informe.

**21(781).- MODIFICADO Nº 1 DO PROXECTO DE HUMANIZACIÓN DA RÚA PINO. EXPTE. 957/440.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Área de Fomento, do 28.06.11, conformado polo concelleiro de Fomento e pola concelleira de Economía e Facenda, que di o seguinte:

*Dentro do capítulo de inversións do orzamento municipal da Área de Servizos Xerais, Vías e Obras correspondente ao ano 2011 se inclúe a partida 1550.619.00.50 “Humanización Rúa Pino, 2ª Fase cunha consignación orzamentaria de 200.000 Euros.*

*Toda vez que as obras de humanización da Rúa Pino 2ª fase se están executando actualmente, incluídas no presuposto de humanización da Rúa Asturias, sendo financiadas con cargo aos orzamentos municipais do ano 2010. O que significa que o tramo de rúa incluído na 2ª fase e financiado con cargo aos presupostos do 2011, xa se está levando a cabo na actualidade, dentro do proxecto de humanización da Rúa Asturias.*

*A Xunta de Goberno Local de data 30 de decembro de 2010, acordou a adxudicación das obras do proxecto “Humanización da Rúa Pino, tramo Urzáiz-Asturias” á empresa EIRIÑA, S.L., por un prezo total de DOUSCENTOS SETENTA MIL TRINTA EUROS (270.030,00 Euros) IVE engadido.*

*Durante a comprobación do replanteo e execución da obra prodúcense unha serie de variacións, condicionadas pola propia dinámica da obra que levan a considerar e programar actuacións que xustifican a adaptación do proxecto de referencia, co obxecto de dar validez e presupostar as modificacións plantexadas. As modificacións responden a necesidade de recoller novas unidades de obra, que sexan fiel reflexo das actuacións modificadas, así como os axustes que xurdiron ata a data e que non están recollidos no proxecto base de concurso*

*En data 8 de marzo de 2011, o Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos emite informe técnico onde xustifica a necesidade de aprobación do proxecto modificado nº 1 do Proxecto de Humanización da Rúa Pino (tramo Urzáiz – Asturias), cun incremento adicional líquido de DOUSCENTOS MIL EUROS (200.000 Euros). Xustificación baseada principalmente na necesidade de substitución das redes de abastecemento e saneamento dado o seu estado de deterioro.*

*En data 2 de maio de 2011, a Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria e urxente acorda a aprobación do expediente 810/440 “Modificado nº 1 do Proxecto de Humanización da Rúa Pino, entre Urzáiz e Asturias”, por un importe adicional líquido sobre o proxecto inicial de 200.000 Euros, con cargo á partida 1550.619.00.50 “Humanización da Rúa Pino, 2ª Fase”.*

*Dacordo co anteriormente indicado e previo informe de Intervención, faise á Xunta da Goberno Local a seguinte , PROPOSTA:*

*1º.- Autorizar o gasto por importe de 200.000 Euros para financiar o Proxecto modificado nº 1 do Proxecto de Humanización da Rúa Pino, entre Urzáiz e Asturias, con cargo á partida 1550.619.00.50 “Humanización da Rúa Pino, 2ª Fase”.*

*2º.- Modificar o contrato das obras do Proxecto de Humanización da Rúa Pino, entre Urzáiz e Asturias adxudicado a empresa Eiriña, S.L. por un importe adicional*

*líquido sobre o proxecto inicial de 200.000 Euros, regularizando tamén a garantía correspondente.*

3º. *Ampliar o prazo de execución da obra en dous meses.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **22(782).- NOMEAMENTO INTERINO DE SETE SUBALTERNOS, POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS, POR UN PERÍODO DE SEIS MESES MÁXIMO. EXP-TE. 22152/220.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 24.06.11, e de acordo co informe-proposta do técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, do 24.06.11, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos, e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Declara-la urxencia no nomeamento de sete funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas, como Subalternos/as, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito periodo, xustificada nas necesidades do Servizo de Educación contidas no escrito de data 2 de xuño de 2011 e, en consecuencia, autoriza-lo gasto por importe de 71.792,4884€ con cargo a partida orzamentaria 922.0.140.00.00 -outras modalidades contratación laboral, para facer fronte aos referidos nomeamentos.

Segundo.- Nomear como funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas por un período máximo de seis meses, á D<sup>a</sup>. PATRICIA CAMPOS ALONSO, DNI 36.141.927-A, D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. FERNANDA GARCIA COLLAZO, DNI 36.101.091-S, D. ALEJANDRO ROMAY LOUREIRO, DNI 53.170.093-G, D. RUBEN DE LA FUENTE ESTEVEZ, DNI 36.162.190-A, D. UXIO PÉREZ NOVOA, DNI 36.139.619-H, D<sup>a</sup>. ENCARNA VICENTE PIÑEIRO, DNI 76.779.668-X, e D<sup>a</sup>. MÓNICA ALCÁNTARA PORTO, DNI 36.117.349-N, seguintes aspirantes que superaron tódolos exercicios da oposición na derradeira convocatoria para a provisión de prazas de Subalterno/a, incluídas na Oferta de Emprego Público correspondente o ano 2005, de conformidade coas bases xerais da mesma.

Terceiro.- Os referidos nomeamentos faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, rematando cando transcurran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto Cód. 155, subalterno/a, sendo adscritos ao Servizo de Educación (cód. 332)".

Cuarto.- A xonada laboral dos traballadores/as nomeados/as, desenvolverase preferentemente en xornada continuada de mañá –07,45 a 15,00 horas-. En calquera caso, contarase con dispoñibilidade horaria para traballar en quenda de tarde, si por requerimento do Servizo fose necesario.

Quinto.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da publicación do acto que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos, 8, 25 e 46 da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

**23(783).- BASES E CONVOCATORIA DO PROCESO DE SELECCIÓN DE UN MÉDICO-PSIQUIATRA PARA A UNIDADE ASISTENCIAL CEDRO. EXPTE. 22139/220.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 29.06.11, e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 27.06.11, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Aprobar a convocatoria urxente do proceso de selección de 1 médico-psiquiatra para a xestión do programa “Plan de Trastornos Adictivos de Galicia 2011-2016”, ao abeiro do disposto no artigo 10.1.c) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, cunha duración máxima ata o 31/12/2011, limitado a duración do programa indicado -vinculado á sinatura ou adscrición do convenio interadministrativo-, dispoñendo a finalización da relación de servizo, ademais de polas causas previstas no artigo 63 da referida Lei e da data límite establecida anteriormente, no suposto no cal o programa deixe de ser prestado por revocación do convenio interadministrativo existente, de forma que na data na cal se reciba no Concello de Vigo comunicación da Administración Pública competente en tal sentido, será deixado sen efecto o nomeamento citado mediante o correspondente acto administrativo.

Segundo.- Aprobar as bases específicas rectoras do proceso selectivo de 1 médico-psiquiatra contidas en informe técnico de data 09/06/2011 e que forman parte inseparable do presente acordo, ordeando a súa urxente publicación no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello, así como dun extracto da convocatoria nun dos diarios de maior difusión da localidade e na páxina web municipal [www.vigo.org](http://www.vigo.org).

Terceiro.- Dispoñer expresamente que tras a finalización do proceso de selección, polo Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal se proceda á formalización do nomeamento de funcionario/a interino/a para a execución do programa temporal “Plan de trastornos adictivos de Galicia 2011-2016” para a realización das tarefas propias do posto de médico-psiquiatra, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto código 310 (Médico-Psiquiatra) sendo adscrito ao Servizo de CEDRO, Código 315, dando conta do mesmo á Xunta de Goberno Local.

Cuarto.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da publicación do acto que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos, 8, 25 e 46 da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

#### ANEXO

*“BASES RECTORAS PARA PARTICIPAR NA BOLSA DE EMPREGO DE EMPREGADOS NON PERMANENTES E CORRESPONDENTE PROCEDIMENTO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN CON CARÁCTER INTERINO POR EXECUCIÓN DE PLANS E PROGRAMAS DE CARÁCTER TEMPORAL DUN/DUNHA MÉDICO-PSIQUIATRA”*

#### *I.- CONDICIÓN DOS ASPIRANTES E ACREDITACIÓN DOCUMENTAL*

*a) Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público en canto ao acceso ao emprego público dos nacionais de outros Estados en condicións de igualdade.*

*b) Posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas.*

*c) Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa, de conformidade co disposto no artigo 56 da Lei 7/2007.*

*d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que houbese sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.*

*e) Estar en posesión do título de Licenciado en Medicina, especialidade Psiquiatría, titulación esixida para o acceso á praza segundo o vixente Cadro de Persoal Orzamentario.*

*Os extremos contidos nos apartados a) e c) acreditaranse con copia compulsada do documento nacional de identidade ou pasaporte; o do apartado e) con copia compulsada do título oficial legalmente expedido e/u certificación da autoridade educativa/académica competente acreditativa da vixencia e validez do título; o dos apartados b) e d) , a través de declaración xurada ao efecto, sen prexuízo de supera-lo oportuno recoñecemento médico, ou certificado de discapacidade igual ou superior ao 33% expedido polo órgano competente da Administración Autonómica.*

*En relación ao acceso ao emprego público de persoas con discapacidade, deberá acreditarse documentalmente tanto o grao de discapacidade esixido (igual ou superior ao 33%) como a compatibilidade da discapacidade co desenvolvemento das tarefas propias mediante copia compulsada da certificación expedida polo órgano competente da Administración Autonómica (Consellería de Traballo e Benestar, ou equivalente).*

*Os/as aspirantes deberán solicitar coa presentación da instancia a oportuna adaptación de tempos e medios para o desenvolvemento do proceso selectivo con plena garantía do dereito de acceso ao emprego público en condicións de igualdade, consonte ao disposto no Real Decreto 2271/2004, do 3 de decembro, polo que se regula o acceso ao emprego público e a provisión de postos de traballo das persoas con discapacidade, así como á normativa vixente en materia de función pública de concorde aplicación. Os Órganos de Selección poderán requirir informe e, se é o caso, colaboración dos órganos técnicos competentes da Administración laboral ou sanitaria da Xunta de Galicia para efectuar de xeito adecuado as ditas adaptacións.*

## *II.-SISTEMA DE SELECCION*

*O procedemento selectivo será o de oposición libre.*

## *III.-EXERCICIOS DA OPOSICION*

*Primeiro exercicio.- De carácter obrigatorio e eliminatorio para tódolos/as aspirantes.*

*Consistirá en contestar por escrito, nun tempo máximo de dúas horas, a catro temas extraídos ao azar mediante sorteo público entre os comprendidos no programa anexo á convocatoria, un da parte xeral e outros tres da parte específica.*

*Neste exercicio avaliarase o volume de coñecementos sobre os temas expostos, a claridade e orde de ideas, a facilidade de exposición escrita e a capacidade de síntese.*

*Concluída a lectura da totalidade dos temas, o órgano de selección poderá pedirlle ao aspirante calquera explicación complementaria que considere oportuna.*

*Avaliarase dita proba de 0 a 10 puntos, quedando excluído/a o/a opositor/a que non acadese un mínimo de 5 puntos.*

*Segundo exercicio.- Asimesmo obrigatorio e eliminatorio, desenvolverase por escrito, e consistirá en desenvolver dous supostos prácticos relacionados co temario específico, no tempo de realización que acorde o órgano de selección.*

*Avaliarase dita proba de 0 a 10 puntos, quedando excluído/a o/a opositor/a que non acadese un mínimo de 5 puntos.*

*Terceiro exercicio.- Obrigatorio e non eliminatorio. Proba de informática.*

*Consistirá nunha proba de coñecementos a nivel usuario de contornos operativos windows ou similares, manexo de ferramentas de ofimática (open office ou similar) e de utilidades básicas de internet nos ditos contornos (navegación, correo electrónico, etc), no tempo que estableza o órgano de selección, e avaliarase de 0 a 2 puntos.*

*Cuarto exercicio.- Obrigatorio, aínda que non eliminatorio.*

*Consistirá na realización dunha proba escrita de coñecemento do idioma galego, a determinar polo Tribunal co asesoramento do Servizo de Normalización Lingüística, e avaliarase de 0 a 2 puntos.*

*O/a aspirante que non obtivese 1 punto como mínimo nesta proba deberá participar no primeiro curso de idioma galego que realice a Administración autonómica (Consellería de Política Lingüística ou organismo autonómico competente) a fin de obter a debida capacitación.*

*Estarán exentos da realización deste exercicio os/as aspirantes que acrediten posuír o título CELGA 4 ou equivalente homologado, segundo o disposto na Orde de 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Anexo I), aos que se lle asignarán 2 puntos.*

*O Órgano de Selección poderá acordar a lectura dos exercicios polos propios aspirantes en sesión pública.*

*Unha vez rematadas as probas selectivas, O Órgano de Selección propondrá o/a candidato/a que obtén a maior puntuación, unha vez sumadas as correspondentes puntuacións de cada unha das probas realizadas, para o seu nomeamento interino por acumulación de tarefas”, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.c) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.*

#### **IV.- PRAZO DE PRESENTACION DE INSTANCIAS DE PARTICIPACIÓN**



*Será de dez días hábiles contados dende ó seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria na prensa local . Á instancia deberá achegarse a documentación á que se fai referencia na base I anterior.*

#### **V.- PUBLICIDADE**

*O anuncio da presente convocatoria publicarase, por motivos de axilidade, no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello, así como dun extracto da convocatoria nun dos diarios de mais difusión da localidade e na páxina web municipal, [www.vigo.org](http://www.vigo.org).. A lista de admitidos/as e excluídos/as e as causas motivadoras da exclusión, así como a data, lugar e hora en que teña lugar o primeiro exercicio, publicarase no Taboeiro de Edictos do Concello de Vigo, publicándose no mesmo e nos lugares onde se realicen as probas, cando estas non se desenvolvan na Casa do Concello.*

*Contra a exclusión na lista de admitidos/as poderanse presentar reclamacións e subsanar erros ou omisións no prazo de cinco días hábiles contados dende a publicación do anuncio contendo a mesma no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello e na páxina Web municipal.*

#### **VI.- ÓRGANO DE SELECCIÓN**

*Terá carácter colexiado e estará integrado por 5 membros/as, debendo ter todos/as eles/as titulación igual ou superior á esixida para o acceso ao posto. Actuarán con voz e voto -a excepción do Secretario/a-, podendo acordar o nomeamento de asesores/as especialistas na materia, que deberán comparecer a título individual, ata un máximo de dous por exercicio, con voz e sen voto.*

*Presidente/a:*

*-Un funcionario/a con habilitación de carácter estatal, encadrado/a no subgrupo A1 de titulación, ou ben un funcionario/a do Concello encadrado/a no subgrupo A1 de titulación, designado/a polo Concelleiro-delegado da Area de Xestión Municipal.*

*Corresponde ao Presidente/a acordar as convocatorias das sesións ordinarias e extraordinarias, presidir as sesións, moderar o desenvolvemento dos debates e suspendelos por causas xustificadas, asegura-lo cumprimento das leis, dirimir co seu voto os empates nos termos legalmente previstos, visar as actas e certificacións dos acordos do órgano de selección e as demais que lle outorgue a lexislación vixente.*

*Secretario/a:*

*-Un funcionario/a con habilitación de carácter estatal ou técnico/a de administración xeral do Concello de Vigo encadrado/a no subgrupo A1 de titulación, designado/a polo Concelleiro-delegado da Area de Xestión Municipal, que intervirá con voz e sen voto, con funcións de asesoramento legal ao órgano de selección, custodia dos exames e actas, elaboración de actas dos acordos e informe xurídico en relación cos recursos administrativos que poidan presentarse contra os actos e acordos do órgano de selección. Igualmente deberá realizar as funcións previstas no artigo 25 da Lei*

30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999,

Vocais:

-Un funcionario/a de carreira do Concello, que conte con título de Grao Universitario ou equivalente, designado/a polo Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, que comparecerá en todo caso a título individual.

-Dous/dúas funcionarios/as do Concello de Vigo, dos seus Organismos Autónomos ou, de calquera outra Administración, integrados/as no subgrupo A1 de titulación, que dispoñan do título de Grao Universitario ou equivalente, propostos polo Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal.

Simultaneamente cos titulares designarase aos respectivos/as suplentes. Os/as seus/súas integrantes deberán absterse de tomar parte no proceso selectivo cando concorran as causas recollidas no artigo 28 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999. Asemade, os aspirantes poderán recusar aos mesmos nos supostos previstos no artigo 29 da mesma norma.

Polo Órgano de Selección deberá acordarse na sesión constitutiva o número máximo de sesións, debendo facerse constar na correspondente acta, poidendo ampliarse unicamente por causa xustificada mediante novo acordo do mesmo, debidamente motivada na acta.

O Órgano de selección poderá requirir a asistencia técnico-administrativa dun/dunha funcionario/a do Servizo de Recursos Humanos deste Concello, que desenvolverá tarefas de apoio ao Órgano de Selección e baixo as instrucións directas do mesmo.

Os membros do órgano de selección, os asesores que se poidan designar por aquél e que asistan de xeito efectivo ás sesións do proceso selectivo, xunto co persoal técnico administrativo asistente, percibirán axudas de custo por asistencia na contía legalmente establecida, de conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, de Indemnizacións por razóns do servizo.

A actuación do órgano de selección, en canto que órgano colexiado, rexerese no non previsto na normativa sectorial vixente polas disposicións da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999.

Os/as aspirantes que superen tódalas probas de que consta o proceso selectivo convocado sen dereito a obter praza formarán parte dunha lista de substitucións, ordenada en función da puntuación obtida (de maior a menor calificación final obtida) aos efectos de poder ser hipotéticamente nomeados/as como persoal interino por calquera das circunstancias previstas no artigo 10.1 da Lei 7/2007, ou ser eventualmente contratados como persoal laboral temporal para necesidades conxunturais, nos termos dos criterios aprobados por acordo da Xunta de Goberno Local de 3 de marzo de 2008 (BOP de 11 de abril de 2008) e, normativa de concordante aplicación e, da lexislación vixente.

*A referida lista terá validez ata que se convoque unha nova praza de idénticas características, ben sexa con carácter interino ou nunha vindeira convocatoria de Oferta de Emprego Público.*

## T E M A R I O

### **BLOQUE I: PARTE XERAL**

- Tema 1.- A Constitución española de 1978: principios xerais e estrutura. Dereitos e deberes fundamentais. Garantía e suspensión.*
- Tema 2.- A Unión Europea: Orixe, Institucións e fontes. Órganos executivos e os seus poderes. O Consello de Ministros, a Comisión e o Parlamento: composición e atribucións.*
- Tema 3.- O Estatuto de Autonomía de Galicia : principios xerais e estrutura.*
- Tema 4.- O Municipio. O termo municipal. A poboación. Consideración especial do veciño. O empadramento.*
- Tema 5.- Organización Municipal. Competencias municipais.*
- Tema 6.- Funcionamento dos organos colexiados locais locais. Convocatoria e orde do día. Actas e certificados dos acordos.*
- Tema 7.- Dereitos e deberes dos empregados públicos locais. Faltas e sancións, O procedemento disciplinario.*
- Tema 8.- O procedemento administrativo local. O rexistro de entrada e saída de documentos. Requisitos da presentación de documentos. Comunicacións e notificacións.*
- Tema 9.- Contratos do sector público: delimitación dos tipos contractuais. Contido e forma do contrato Procedemento de adxudicación dos contratos do sector público.*
- Tema 10.- Principios orzamentarios na Lei reguladora das Facendas Locais.*

### **BLOQUE II: PARTE ESPECÍFICA**

- TEMA 1: Drogas: definición, clasificacións, vías de consumo e riscos para a saúde*
- TEMA 2: Drogodependencias: epidemioloxía, evolución histórica do problema e patróns de consumo*
- TEMA 3: Drogodependencias: conceptos básicos para a clínica*
- TEMA 4: Etiopatoxenia das adiccións. Aspectos neurobiolóxicos*
- TEMA 5: Etiopatoxenia das adiccións. Aspectos psicosociais*
- TEMA 6: Modelos neurocientíficos das adiccións*
- TEMA 7: Drogodependencias: criterios diagnósticos nas clasificacións internacionais*
- TEMA 8: Avaliación clínica do drogodependente: metodoloxía xeral e instrumentos básicos*
- TEMA 9: O proceso terapéutico en adiccións: fases e obxectivos xerais*
- TEMA 10: Entrevista motivacional*
- TEMA 11: Síndrome de abstinencia: características xerais e manexo clínico*
- TEMA 12: A recaída: definición, características e manexo clínico*
- TEMA 13: Comorbilidade orgánica en drogodependentes: patoloxía infecciosa*
- TEMA 14: Comorbilidade orgánica en drogodependentes: patoloxía non infecciosa*
- TEMA 15: Comorbilidade psiquiátrica en drogodependentes: patoloxía dual*

TEMA 16: Comorbilidade psiquiátrica en drogodependentes: trastornos da personalidade  
TEMA 17: Drogodependencias, xestación e lactación  
TEMA 18: Tabaco: farmacoloxía e clínica  
TEMA 19: Tabaco: diagnóstico e tratamento  
TEMA 20: Alcol: farmacoloxía e clínica  
TEMA 21: Alcol: diagnóstico e tratamento  
TEMA 22: Cannabis: farmacoloxía e clínica  
TEMA 23: Cannabis: diagnóstico e tratamento  
TEMA 24: Cocaína e outros psicoestimulantes: farmacoloxía e clínica  
TEMA 25: Cocaína e outros psicoestimulantes: diagnóstico e tratamento  
TEMA 26: Heroína e outros opiáceos: farmacoloxía e clínica  
TEMA 27: Heroína e outros opiáceos: diagnóstico e tratamento  
TEMA 28: Intoxicación aguda por opiáceos: características xerais e manexo clínico  
TEMA 29: Programas de tratamento con derivados opiáceos  
TEMA 30: Drogas de síntese e alucinógenos: farmacoloxía e clínica  
TEMA 31: Drogas de síntese e alucinógenos: diagnóstico e tratamento  
TEMA 32: Sustancias volátiles: farmacoloxía e clínica  
TEMA 33: Sustancias volátiles: diagnóstico e tratamento  
TEMA 34: Psicofármacos de potencial abuso: farmacoloxía e clínica  
TEMA 35: Psicofármacos de potencial abuso: diagnóstico e tratamento  
TEMA 36: Adiccións sen sustancia: tipos, criterios diagnósticos  
TEMA 37: Adiccións sen sustancia: clínica e tratamento  
TEMA 38: Plan de trastornos adictivos de Galicia 2011-2016: Liñas estratéxicas  
TEMA 39: Plan local de drogodependencias e outras adiccións de Vigo 2011-2016  
TEMA 40: Organización funcional dos centros de asistencia aos trastornos adictivos no Servizo Galego de Saúde  
TEMA 41: A rede asistencial de drogodependencias en Galicia: tipoloxía de dispositivos e circuíto asistencial  
TEMA 42: Catálogo de programas asistenciais do PGD: programas e subprogramas  
TEMA 43: Unidade asistencial de drogodependencias: características xerais e procesos asistenciais  
TEMA 44: Unidade de día: características xerais e procesos asistenciais  
TEMA 45: Comunidade terapéutica: características xerais e procesos asistenciais  
TEMA 46: Programas asistenciais de drogodependencias no ámbito hospitalario  
TEMA 47: Programas de redución do dano: fundamentos, tipos, recursos  
TEMA 48: Rehabilitación e integración social do drogodependente  
TEMA 49: Drogodependencias: valoración clínica e imputabilidade penal. Peritaxe xudicial en drogodependencias  
TEMA 50: Prevención das adiccións: principios, obxectivos e ámbitos de actuación

**24(784).- DESIGNACIÓN DE DIRECTOR DE OBRA E COORDINADOR DE SEGURIDADE E SAÚDE E APROBACIÓN DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE**

**DA OBRA “PROXECTO DE REFORMA DO MERCADO DO PROGRESO”. EXPTE. 2333/551.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do Responsable do Proxecto de Reforma do Mercado do Progreso, do 1.07.11, conformado polo concelleiro delegado da Área de Industria, Comercio, Turismo e PEMES, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar o nomeamento provisional dos arquitectos municipais D. Juan Luis Piñeiro Ferradás e David Carvajal Rodriguez-Cadarso coma directores de obra do “Proxecto de Reforma do Mercado do Progreso”.

SEGUNDO.- Aprobar o nomeamento provisional de D. Juan Luis Piñeiro Ferradás coma Coordinador de Seguridade e Saúde do “Proxecto de Reforma do Mercado do Progreso”.

TERCEIRO.- Aprobar o Plan de Seguridade e Saúde das obras do “Proxecto de Reforma do Mercado do Progreso” presentado por ALDASA S.L.U. coma adxudicataria das obras e informado favorablemente polo coordinador en materia de seguridade e saúde, D. Juan Luis Piñeiro Ferradás.

CUARTO.- O Plan de seguridade e saúde deberá estar na obra a disposición permanente da dirección facultativa da mesma, da Inspección de Traballo e dos técnicos dos órganos especializados en materia de seguridade e saúde nas Administracións públicas competentes, d'accordo co establecido nos artigos 7.5 e 19 do RD 1627/97, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción.

QUINTO.- Aprobar o nomeamento dos arquitectos municipais D. Juan Luis Piñeiro Ferradás e David Carvajal Rodriguez-Cadarso coma supervisores municipais das obras.

**25(785).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e cinco minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Mª Jesús Lago Rey.